

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN LINGÜÍSTICA APLICADA

FACULTADE DE FILOLOXÍA DA USC


**Cambio de código e acomodación  
lingüística ante as cámaras de televisión: a  
gheada e o rotacismo. Unha achega ao  
cambio lingüístico no galego.**

Autor: Xoán Carlos Goris García

Titor: Xosé Luís Regueira Fernández

Viste e prace:

REGUEIRA  
FERNANDEZ  
XOSE LUIS -  
33836953C

 Firmado digitalmente por REGUEIRA  
FERNANDEZ XOSE LUIS - 33836953C  
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,  
serialNumber=IDCES-33836953C,  
givenName=XOSE LUIS, sn=REGUEIRA  
FERNANDEZ, cn=REGUEIRA FERNANDEZ  
XOSE LUIS - 33836953C  
Fecha: 2022.09.14 13:40:55 +02'00'

Liña temática: Procesamento da linguaxe oral

Curso académico: 2021-2022

# ÍNDICE

RESUMO.....	3
1. INTRODUCCIÓN METODOLÓXICA.....	4
2. PROCEDEMENTO .....	8
2.2. MÉTODO DE OBTENCIÓN DOS DATOS .....	9
2.2.1. OS PARTICIPANTES.....	10
2.2.2. TRATAMENTO DOS DATOS E SELECCIÓN DE SECUENCIAS .....	18
3. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA .....	23
3.1. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA .....	23
3.2. O GALEGO DA ESFERA PÚBLICA.....	27
3.3. CAMBIO DE CÓDIGO E ACOMODODACIÓN LINGÜÍSTICA.....	28
3.3.1. O CAMBIO DE CÓDIGO.....	28
3.3.2. A ACOMODACIÓN LINGÜÍSTICA.....	32
4. RESULTADOS.....	34
4.1. CAMBIOS DE CÓDIGO.....	34
4.2. COMPORTAMENTOS LINGÜÍSTICOS DESTACADOS .....	38
4.3. ACOMODACIÓNS LINGÜÍSTICAS.....	42
4.3.1. TRAZOS E SEXO .....	43
4.3.2. TRAZOS E TRAMO DE IDADE .....	44
4.3.3. TRAZOS E LINGUA HABITUAL.....	46
4.3.4. TRAZOS E LINGUA DA ENTREVISTA.....	46
4.3.5. TRAZOS E NIVEL DE ESTUDOS .....	46
4.3.6. TRAZOS E CLASE SOCIAL .....	47
4.3.7. TRAZOS E TIPO DE OFICIO .....	47
4.3.8. TRAZOS E HÁBITAT .....	47
4.3.9. COMPARATIVA ENTRE O USO DA GHEADA E DO ROTACIMO. TIPOS DE GHEADA .....	48
5. CONCLUSIÓNS.....	50
ANEXOS	

## RESUMO

O cambio de código e a acomodación lingüística son fenómenos máis ou menos naturais e comúns dentro das comunidades bilingües compostas por falantes que, canto maior sexa o seu repertorio lingüístico, máis posibilidades pragmáticas terán á hora de comunicarse co seu interlocutor, adaptarse ao tema, situación ou rexistro.

Como se producen estas mudanzas e que supoñen para o cambio lingüístico en marcha no galego será obxecto deste traballo. Nel, analizamos as producións orais dun grupo amplo de falantes de Moraña (Pontevedra), cando se enfrontan ás cámaras de televisión. Neste contexto, no que os falantes son entrevistados por un reporteiro que emprega a variedade estándar do galego, a imaxe dos falantes pode verse en risco se non fan uso dunha determinada variedade aceptada nese contexto formal. A variedade vernácula morañesa presenta os trazos dialectais da gheada e o rotacismo mais estes fenómenos non están presentes habitualmente na variedade estándar que se emprega nos medios de comunicación, e sabemos que a gheada presenta un forte estigma social e que o seu uso adoita verse afectado ou, incluso, eliminado en determinadas situacións comunicativas. Non coñecemos, pola contra, como se comportan os falantes en relación ao rotacismo, posto que non existen estudos que o traten de maneira específica e dende o punto de vista da acomodación. A comparativa, pois, entre o uso da gheada e o rotacismo por parte dos falantes, convértese no principal obxectivo deste TFM, no que analizamos tamén como é este uso segundo diferentes variables sociolingüísticas dos falantes. En definitiva, a nosa achega intenta medir o nivel de resistencia que presentan as variedades dialectais do galego na actualidade dentro dun contexto formal. A investigación levouse a cabo metodoloxicamente seguindo a sociolingüística variacionista de Lavob e baseouse na creación dun corpus oral propio que foi posteriormente transcrito. Deste xeito, facemos a nosa pequena contribución dentro do procesamento da linguaxe oral.

Os resultados principais do traballo permítennos, por unha banda, confirmar o estigma social da gheada xa que é o trazo que maior acomodación recibe e, pola outra, o gran mantemento do rotacismo a nivel xeral. Mais, se analizamos os datos segundo algunhas variables sociolingüísticas, atopamos diferenzas de especial interese como que, por exemplo, as mulleres son as máis innovadoras con respecto ao cambio lingüístico e á acomodación fronte aos homes, que se presentan máis conservadores da variedade local e, polo tanto, teñen unha menor converxencia coa lingua estándar dos reporteiros. Tamén destaca o elevado uso da gheada por parte da xeración máis nova e que a lingua galega, tanto na variedade local como na estándar, foi a gran beneficiada do intercambio lingüístico producido.

**Palabras chave:** Cambio de código, acomodación lingüística, lingua galega, gheada, rotacismo, nivelación dialectal, cambio lingüístico, medios de comunicación, corpus oral, ideoloxías e actitudes lingüísticas, bilingüismo.

## 1. INTRODUCCIÓN METODOLÓXICA

Comezaremos o presente Traballo de fin de Mestrado cun primeiro bloque introdutorio no que explicamos as motivacións do traballo, os seus obxectivos, as hipóteses previas e a metodoloxía empregada. No segundo bloque presentamos a fundamentación teórica centrándonos nos conceptos de cambio e acomodación lingüística e nos estudos realizados neste campo. Ademais, incorporamos tamén aquí información sobre os trazos da gheada e o seseo. E, no último bloque, achégamos os resultados obtidos na análise interaccional. Rematamos o traballo cun apartado de conclusións onde presentamos os resultados obtidos máis relevantes e salientamos de maneira crítica aqueles aspectos mellorables da nosa investigación e que novas perspectivas se abren.

O galego e o castelán son linguas en situación de contacto prolongado en todo o territorio de fala galega, que ademais, manteñen unha relación de desigualdade social, sendo o castelán a Lingua A ou dominante e o galego a Lingua B ou subordinada. O contacto entre elas intensificouse sensiblemente nas últimas décadas, dando lugar principalmente a cambios fonolóxicos e prosódicos, actualmente en curso. Non é tarefa doada sabermos que factores condicionan o cambio lingüístico e se estes son endóxenos ou exóxenos, pois con frecuencia hai razóns de tipo interno, que afectan á estrutura da lingua, que poden favorecer o proceso de cambio, pero na maioría de casos son razóns de tipo extralingüístico as que fan que o proceso de cambio se acelere e mesmo se consolide. Ademais, as mudanzas que se producen nestas situacións de contacto lingüístico teñen un significado social e discursivo a miúdo pouco estudado.

O que carece de toda dúbida é que o galego nos pode fornecer datos interesantes porque é unha lingua en situación de contacto continuado co castelán desde a Idade Media e viuse afectada por cambios sociais, económicos e culturais moi relevantes. Estes levaron a unha intensificación dese contacto e á conseguinte aparición de numerosos fenómenos de variación e cambio lingüístico e a unha situación lingüística moi complexa mais tamén moi rica dende o punto de vista social e discursivo.

A vida dos falantes bilingües dunha comunidade de fala (Gumperz, 1968) con dúas linguas vai levar consigo, acotío, a alternancia no uso desas dúas linguas. Galicia non é unha excepción e os galegos e galegas participan, conscientemente ou non, neste fenómeno ata o punto de termos unha gran parte da poboación que ten interaccións nas que alternan galego e castelán de maneira moi frecuente. Así, “esta sociedade con competencias bilingües, caracterízase tamén

“por unha práctica maioritariamente bilingüe” de tal xeito que “[a]s persoas que fan un uso bilingüe na súa vida diaria son o grupo maioritario” (Monteagudo *et al* 2016: 251 e 255). O cambio de código é pois unha práctica habitual no territorio que se ve claramente potenciado por mor da diglosia aínda existente e que favorece o uso do castelán en determinados contextos e tamén o uso do galego noutros.

Existen estudos sociolingüísticos suficientes que nos falan da alternancia de linguas galego-castelán mais non é así para o caso da acomodación lingüística dentro das variedades lingüísticas da mesma lingua, neste caso do galego. Neste senso, podemos destacar os traballos de Domínguez (2004) e Prego (1999 e 2003), que traballaron coa cortesía como causa da alternancia de linguas dende o enfoque teórico da análise da conversa e a teoría da adaptación. Tamén Diz (2014, 2016 e 2017) que traballou coa acomodación como estratexia discursiva en secuencias de conflito e de apertura, entre outros autores. Como é de esperar, tamén se producen acomodacións nos intercambios feitos dentro da mesma lingua, nas interaccións entre as variedades dialectais. Non é imprescindible que se introduza unha lingua diferente para vermos como os falantes se adaptan á variedade do interlocutor e á situación comunicativa. A isto, e para diferencialo da acomodación entre linguas, chamámoslle nivelación lingüística. A lingua non é un produto estático, fixo ou inmutable senón que está marcada polo dinamismo e cambio continuo. Cabe pois, estudar esas mudanzas xa que nos van dar moita información sobre as actitudes lingüísticas do falante e o seu grao de compromiso coa súa variedade dialectal habitual, e en consecuencia coa súa lingua. Para isto decidimos escoller situacións comunicativas nas que os falantes se expoñían ás preguntas dun repoteiro que empregaba a variedade estándar ou normativa. Así, ademais da lingua que escollan tamén vai ser de interese a variedade que empreguen e ver se abandonan ou non certos trazos dialectais a favor dos da variedade estándar.

Esta última, como ampliaremos máis adiante, conta cun notable prestixio e é a empregada especialmente na esfera pública onde se atopan os medios de comunicación que se expresan en galego como é o caso da *Televisión de Galicia (TVG)*. Desta canle procede a meirande parte da produción oral analizada neste traballo.

Como adiantamos, na nivelación lingüística producida nas interaccións decidimos centrarnos na análise dos trazos fonético-dialectais da gheada<sup>2</sup> e o rotacismo<sup>3</sup> e o seu uso no Concello de Moraña. Este é un municipio predominantemente rural pese a ter un pequeno casco urbano no que prevalecen actividades do sector servizos. Polo que respecta á súa localización xeográfica, está situado na zona intermedia entre a chaira litoral e as terras altas da provincia de Pontevedra, pertence á comarca de Caldas e limita cos concellos de Campo Lameiro, Barro, Cuntis, Caldas de Reis e Portas. A maior parte dos morañeses son galegofalantes, segundo datos do IGE de 2018<sup>4</sup>, as tres cuartas partes da poboación ten o galego como lingua habitual ou emprégaa máis que o castelán.

Porén, e pese aos estudos citados, non atopamos ningunha investigación previa que tivera entre os seus obxectivos fundamentais o estudo e comparativa do uso da gheada e o rotacismo dentro da interacción lingüística en galego. Con todo, ambos trazos si son temas centrais en decenas de traballos de corte dialectal e sociolingüística. Exemplo disto é a investigación de Álvarez *et al* (2004) sobre o rotacismo e a gheada no Concello de Vilardevós na que se realizaron entrevistas a diferentes falantes para coñecer o grao de uso destes fenómenos atendendo ás diferentes variables sociolingüísticas e ás actitudes dos falantes cara os dous trazos.

Os noso obxectivo fundamental será pois, medir o nivel de resistencia que presentan as variedades dialectais do galego na actualidade dentro dun contexto formal. É dicir, queremos saber se os falantes abandonan o seu dialecto ben, para empregar a variedade estándar do galego, ou ben para falar en castelán ou se, pola contra, conservan a súa forma habitual de lingua. Neste último caso interesará ver en que grao a manteñen a través da análise do uso da gheada e do rotacismo. Outros obxectivos serán comprobar o grao de presión lingüística da variedade estándar do galego, a empregada polos entrevistadores, o uso dos trazos fonéticos mencionados segundo as variables sociolingüísticas consideradas ou o grao de influencia que exerce o contexto comunicativo nas producións analizadas.

---

<sup>2</sup> A gheada é un fenómeno fonético do galego que consiste na realización aspirada [h] ou velar [x] principalmente, do fonema /g/, sendo este último oclusivo velar sonoro no modelo fonético socialmente aceptado como estándar.

<sup>3</sup> O rotacismo consiste no paso de [s] en posición implosiva a [r] diante de consoante sonora (Fernández Rei 2003: 57). De maneira máis completa, podemos definir este fenómeno como o cambio do segmento fricativo alveolar situado na coda da sílaba polos segmentos golpeado alveolar [r] ou aproximante alveolar [ɾ] (Dubert 1999: 367). Neste traballo, agrupamos as dúas realizacións baixo o símbolo [r].

<sup>4</sup> *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego* (IGE 2019).

Ao mesmo tempo temos diferentes hipóteses ou resultados agardados. En primeiro lugar, e tendo en consideración a deriva sociolingüística do galego, esperamos que haxa un número considerable de falantes que fagan un cambio de código cara ao castelán, ou cando menos, cara á variedade galega de prestixio, a estándar. En todo caso, vemos moi probable o abandono de trazos dialectais galegos non coincidentes cos do castelán ou non habituais no estándar galego por mor da diglosia existente ou da presión lingüística exercida cara variedades cun menos prestixio social. En particular, pensamos que a gheada vai ser o trazo máis afectado, cunha menor aparición polo tanto, debido a que é un trazo tematizado, do que se fala a miúdo, a que ten un estigma social forte dende hai moito (Recalde Fernández 2022) e a que é “sinxelo” facelo desaparecer posto que o falante é bastante consciente do seu uso. Para o rotacismo tamén presaxiamos que se vai ver afectado negativamente o seu uso mais en menor medida que a gheada.

Con frecuencia, unha persoa modifica ou adapta a súa variedade habitual de comunicación oral cando se enfronta a unha situación comunicativa que, *a priori*, require certa formalidade e pode poñer en dúbida a súa imaxe social<sup>5</sup>. Deste xeito, agárdase que o falante tenda a amosar a súa mellor “cara” (seguindo a E. Goffman 1967) realizando as mudanzas que crea convenientes na súa fala. Así, para proxectar esa imaxe social positiva máis adecuada e “acceptable” no medio en que se atopa, o falante tenderá a eliminar trazos non asociados a ela. Para poñer isto a proba decantámonos por aquelas ocasións en que televisión vai gravar algún evento ou cubrir unha nova e lles pregunta ou fai pequenas entrevistas aos asistentes ou veciños presentes no lugar. Nestas situacións esperamos que os entrevistados tendan a proxectar a imaxe social que consideran máis apropiada para ser gravada pola televisión. Isto tamén nos fai prever que os falantes, nese medio e situación comunicativa, fagan uso da lingua estándar ou se acheguen ás características da mesma, pois é “código aceptado” (*código lexítimo* de Bourdieu (2014 [1982]) socialmente nese contexto. O anterior ocorrerá en maior medida canto maior sexa tamén o dominio da variedade estándar da lingua por parte do falante.

Estes intercambios, á vez, poden levar consigo unha negociación de identidades e, nestas situacións, un reporteiro (habitualmente xornalista) cunha cámara e un micrófono representa, dende o punto de vista sociolingüístico, unha figura e identidade bastante marcada e homoxénea. Estamos falando dun perfil profesional cunha boa reputación social, con estudos universitarios, que emprega a variedade do galego estándar (variedade de prestixio), que

---

<sup>5</sup> Co termo *imaxe social* estamos aludindo ao concepto *face* acuñado polo sociólogo canadense Erving Goffman (1972 [1967]).

habitualmente ten unha fonética bastante próxima á do castelán e procede dun hábitat principalmente urbano.

Debido ao anterior, consideramos de interese analizar os cambios de código e, especialmente, a acomodación levada a cabo polos falantes coñecendo previamente cal é a súa lingua ou variedade habitual. Agardamos tamén, que neste contexto, os falantes sintan certa presión e pensen que a súa imaxe social pode estar en risco. Neste senso, a gheada e o rotacismo, como trataremos máis adiante, non son considerados habitualmente como trazos propios dunha variedade formal, da estándar ou de prestixio. Por este motivo, decidimos centrarnos tamén nestes dous trazos fonéticos.

## 2. PROCEDEMENTO

Como xa vimos anunciando, este traballo levouse a cabo cunha metodoloxía sociolingüística variacionista, desenvolvida por Labov (1983 [1972a]), xa que esta se basea na existencia de factores lingüísticos e sociais estreitamente relacionados cos procesos de cambio lingüístico. Os estudos elaborados con este método fundaméntanse na análise dun corpus como ocorre nos recentes estudos de Louredo (2019) ou Dopazo (2022). No noso caso, o corpus oral feito por nós mesmos e nel, como é habitual, incluíronse e posteriormente analizáronse variables lingüísticas e sociais para así determinar cales son os factores que favorecen ou non o cambio ou a acomodación lingüística. Deste xeito, o noso estudo contén tanto datos cuantitativos como cualitativos, sendo os segundos fundamentais na metodoloxía empregada posto que son os que nos van dar máis información co fin de intentar atopar modelos de comportamento semellantes na interacción lingüística.

### 2.1. CONDICIONANTES

En primeiro lugar, gustaríanos sinalar que a idea principal do noso traballo era buscar grupos de falantes cunhas características e variables sociolingüísticas concretas. Deste xeito, amais de poder gravar de maneira presencial a estas persoas, ver como interactuaban en determinados contextos comunicativos e como era a súa produción lingüística cando se comunicaban con usuarios de linguas ou variedades lingüísticas determinadas cuns trazos concretos, poderíamos ter un maior control sobre as producións e os falantes e tamén construír un perfil de actitudes

lingüísticas máis rico<sup>6</sup>. Mais isto non foi posible xa que a recollida de corpus foi realizada durante a pandemia de Covid-19 e coa situación sanitaria existente daquela non podiamos ter contacto presencial directo cos falantes nin facer grupos e reunilos nun mesmo lugar.

Ante esta problemática, decidimos traballar con material que estivera dispoñible xa na Rede. Os resultados obtidos serán os que digan se o condicionante da pandemia á hora de obter os nosos datos foi ou non prexudicial. En todo caso, os contidos lingüísticos dos que dispoñemos na Rede son moi valiosos e a nós permitíronnos realizar esta investigación e tamén acelerar o proceso de recollida de datos. Ademais tamén puidemos ampliar a nosa mostra considerablemente facéndoa máis representativa e, de ter que facermos as gravacións presenciais, dificilmente poderíamos acceder a tantos falantes.

## 2.2. MÉTODO DE OBTENCIÓN DOS DATOS

Como xa dixemos, por mor da situación na que nos atopabamos<sup>7</sup>, obtivemos as producións orais acudindo a programas de televisión da *TVG* e do *Canal Rías Baixas* subidos na Rede nos que visitaban o Concello de Moraña. Tal e como adiantamos no apartado introdutorio, buscamos pequenas entrevistas ou preguntas feitas a veciños nas festas da súa vila ou na cobertura de noticias do lugar nas que un reporteiro preguntaba aos afectados polo acontecido. Exemplos destes programas, referenciados e numerados no Anexo I deste documento e que foron gravados entre os anos 2014 e 2019, son o *Telexornal TVG*, *Aquí Galicia* ou *De festa en Festa*. Tamén empregamos os contidos do programa infantil *Braulio Tuber* feito no centro educativo da vila. O material foi visualizado previamente e procedeuse aos seguintes pasos:

- 1) Descargar o contido de interese en vídeo dende as webs das canles mencionadas<sup>8</sup>.
- 2) Seleccionar un grupo de informantes que nos achegaron información dos veciños participantes nos programas.
- 3) Facer unha selección dos falantes segundo a información que tiñamos deles.

---

<sup>6</sup> Sería de gran interese poder preguntarlles aos falantes que é o que pensan sobre, por exemplo, os usos da gheada e o rotacismo e se estes teñen ou non implicacións negativas.

<sup>7</sup> A nosa intención era iniciar as gravacións no mes de marzo do 2020 mais decidimos pospor a fase de recollida de datos para o remate do estado de alarma. Este demorouse máis do esperado e cando rematou seguía sendo, baixo o noso xuízo, moi arriscado o traballo *in situ* e acudimos á Rede. Ademais, cremos que a resposta dos falantes voluntarios ía ser negativa, non conseguindo moi probablemente o ambiente de gravación adecuado.

<sup>8</sup> As descargas fixéronse mediante o programa *JDownloader* (<https://jdownloader.org/>)

- 4) Reunir aos informantes para visualizar o contido e que nos deran información sobre as variables sociolingüísticas dos falantes cunha previa explicación sobre elas. Asemade, procedeuse á toma de notas.
- 5) Realizar as transcricións das secuencias seleccionadas.
- 6) Elaborar unha táboa dos falantes seleccionados coa información recollida tanto nas entrevistas dos informantes (as variables sociolingüísticas) como na produción oral dos falantes ademais doutros aspectos.
- 7) Crear o noso propio corpus adaptado ás necesidades da investigación.

### 2.2.1. OS PARTICIPANTES

Conforme ao dito, no traballo participaron por unha banda, os informantes que seleccionamos e cos que puidemos ter contacto e, por outra os propios falantes mediante as súas producións orais nos programa de televisión cos que non puidemos comunicarnos debido ao xa exposto no apartado 2.1.

Foron os primeiros os que nos forneceron a información sociolingüística necesaria sobre os falantes. Nunha situación de normalidade, somos nós, os investigadores, quen ten que chegar a estes datos mediante as entrevistas presenciais. Isto pode parecer, nun primeiro momento, un inconveniente mais debemos ter en conta como peneiramos a información ofrecida polos informante e que, a miúdo, os falantes vense moi influenciados pola presenza do propio investigador e a situación de formalidade xerada.

Neste senso, estaríamos evitando, en certa medida, o coñecido como “paradoxo do observador”, termo acuñado en sociolingüística por William Labov (1972b). Este dáse nas ciencias sociais e tamén noutros campos e fai referencia a situacións nas que o fenómeno observado se ve influenciado pola presenza do propio observador ou investigador. É, sen dúbida, un desafío ao que se enfrontan os sociolingüísticas nos traballos de campo. No noso caso, afectaría moi probablemente ás respostas que os informantes nos ofrecesen sobre, por exemplo, a variable de lingua e variedade habitual de uso. Isto podería ser debido a diferentes factores como:

- O noso propio comportamento sociolingüístico durante a entrevista. Xa pode supor un condicionamento que nós empreguemos o galego e a variedade estándar ou, de ser o caso, a dialectal, para referírmonos aos falantes
- A nosa idade, sexo e nivel de formación.
- O feito de seren gravados.
- A institución á que representamos. Neste caso á USC, unha Universidade pública galega.

Os obxectivos da investigación que se lle revelen e toda a información que saiban sobre nós<sup>9</sup>

Deste xeito, os informantes seleccionados: veciños, coñecidos, amigos ou incluso familiares, poden ter moita máis información sobre os comportamentos lingüísticos dos falantes en diferentes situacións que a que nós podemos chegar a detectar nuns minutos de entrevista.

Así, e en primeiro lugar, solicitámoslle a un grupo de veciños de Moraña, aos que nese momento podíamos ter acceso, a asistencia a unha entrevista presencial en grupo<sup>11</sup>. Nela, respectáronse as medidas sanitarias vixentes e nun espazo exterior colocamos un televisor e cadeiras para os informantes. Seleccionamos un total de oito informantes que debían cumprir estes tres requisitos: seren nados en Moraña, viviren alí na actualidade e teren un contacto social máis ou menos habitual cos veciños da vila. O grupo de informantes resultou composto da seguinte maneira:

<b>Informante (Nº)</b>	<b>Sexo (F/M)</b>	<b>Idade (anos)</b>	<b>Ocupación (actual e pasada)</b>
1	F	14	Estudante
2	M	23	Estudante
3	M	29	Froiteiro e peón de fábrica
4 <sup>12</sup>	F	35	Coidadora de persoas maiores, sector servizos e ama de casa

<sup>9</sup> Debemos destacar que o autor deste traballo é nativo de Moraña polo que a veciñanza podía ter moita información sobre el e isto afectar nas respostas das entrevistas.

<sup>11</sup> A xuntanza levouse a cabo na primeira semana do mes de agosto de 2020.

<sup>12</sup> Ademais, esta falante tiña unha filla escolarizada e grazas a iso coñecía a moitos dos nenos e nenas presentes nas producións e tamén ás súas familias.

5	M	46	Vendedor ambulante na zona e sector da construción
6	F	55	Peón de fábrica e ama de casa
7	F	69	Xubilada (sector rural)
8	M	82	Xubilado (sector rural e da construción)

Figura 1: Os informantes

Podemos observar que os catro homes e as catro mulleres informantes teñen idades moi variadas posto que intentamos cubrir todas as xeracións posibles. Isto pareceunos fundamental xa que a idade inflúe moito, especialmente nas xeracións máis novas, no grao de interacción que se ten co grupo de iguais e no grao de coñecemento das persoas que o conforman. Pese a isto, debemos recoñecer que, tratándose dunha vila pequena de poucos habitantes (4121 no 2021 segundo o IGE<sup>13</sup>), non resultou moi difícil que todos os informantes coñecesen tamén a case todos os falantes.

No comezo da xunta de informantes explicamos brevemente cal era o propósito do noso traballo e a información que queriamos obter deles, isto é, as variables sociolingüísticas dos falantes. Delas foi preciso explicar e diferenciar entre a variedade dialectal da zona e a variedade estándar do galego<sup>14</sup>. Así, puxémoslles exemplos de como sería cada unha delas, dicíndolles que na primeira se adoita empregar gheada ou seseo<sup>15</sup>, que é a que normalmente fala a xente de Moraña e que se opón á falada noutras áreas. Para a segunda explicámoslles que nela non se acostuma empregar ditos trazos e que é a variedade habitual nos medios de comunicación, no sector público e a aprendida no ensino. Para o resto de variables non foi preciso maior información e de existiren dúbidas fóronse resolvendo durante a xunta. Ademais, establecemos os criterios da seleccións de falantes válidos para o noso traballo: debían ser

<sup>13</sup> Instituto Galego de Estatística (2021): Información municipal, sección de sociedade e poboación. Dispoñible en: <https://n9.cl/uypzu>.

<sup>14</sup> No caso do falante empregar o castelán, non nos interesa tanto a variedade que empregue posto que o obxectivo fundamental desta investigación é a interacción monolingüe en lingua galega. Ademais, esa variedade en todos os casos foi a do español de Galicia.

<sup>15</sup> Co fin de sermos prácticos reproducimos nós mesmos *in situ* secuencias sen e con gheada onde empregabamos palabras comúns como poden ser “gato” fronte a “ghato” ou “gardar” fronte a “ghardar” e igual para o seseo con “lus” e “luz” ou “des” e “dez”.

veciños do concello de Moraña, que naceran alí e que fixeran, cando menos nos últimos anos, a súa vida na vila. Neste senso, había casos de persoas que emigraran durante parte da súa vida adulta mais que regresaron despois a Moraña que tamén decidimos aceptar como falantes por cumpriren os criterios sinalados.

A seguir, procedemos coa visualización dos vídeos<sup>16</sup> e fomos detendo a reprodución en cada falante entrevistado. Nese momento, entre todos os informantes dábase resposta as variables sociolingüísticas de idade (de maneira aproximada), nivel de estudos (en etapa escolar<sup>18</sup>, básicos, superiores ou universitarios), clase social (baixa, media ou alta) moi ligada co tipo de oficio (sector rural, sector servizos e sector público profesional), o hábitat (rural ou semirural) e lingua e variedade de uso habitual (galego ou castelán e variedade local ou estándar galega). Nesta última explicamos que debía ser a que usaban normalmente nas diferentes situacións cotiás tanto se falaban cos veciños como coa alcaldesa, coa súa familia ou cos profesionais do centro de saúde.

Como sinalamos, os informantes coñecían á maior parte dos veciños mais se isto non era así ou non sabían información suficiente dos mesmos non se engadiron eses falantes. O mesmo ocorreu cando as producións destes eran moi pequenas ou cando non cumprían con algún dos criterios de selección citados. Así, continuamos comentando cada veciño que aparece e seleccionando os que, en principio, podían formar parte do noso estudo. Algo habitual foi que os informantes máis novos coñecesen máis aos falantes tamén máis mozos e ao revés, os informantes máis maiores sabían máis información dos falantes de máis idade. Isto é algo esperable mais igualmente era necesario que, cando menos, a metade dos informantes estivesen de acordo coas variables sociolingüísticas atribuídas a cada falante. De non ser así, tamén desbotamos a eses falantes. Por último, salientar que tamén tomamos notas sobre outras informacións que nos daban os informantes por se nun futuro fosen relevantes para o estudo: profesións dos veciños ou dos seus pais, lugar de nacemento, estudos realizados, entre outras.

Outro aspecto a ter en conta é a localización dialectolóxica da zona na que traballamos, especialmente para os trazos que analizamos: a gheada e o rotacismo. Seguindo a Fernández Rei 2003: 121-122, o concello está situado no bloque occidental, na área pontevedresa, subárea

---

<sup>16</sup> Os contidos están subidos á plataforma *OneDrive* e poden consultarse en: <https://n9.cl/ff26g>.

<sup>18</sup> Para os nenos en etapa escolar non sinalamos un nivel de estudos determinado e deixamos baleiro ese dato na táboa correspondente. Todos eles pertencían ao primeiro tramo de idade.

Ulla-Umia e microsubárea Moraña-Cotobade. Deste xeito, ademais de posuír os trazos do bloque e área mencionadas (formación do plural en *-ns*, distinción entre os pronomes *te-che*, *ti* como pronome suxeito ou o radical *tru-* no tema perfecto do verbo *traer*) tamén atoparemos o uso do ditongo *oi*, paradigma de deícticos *ese*, *esta*, e o neutro *esto*, a vogal temática *e* en *colleu* e *parteu* ou a P3 *dou* no pret. imperfecto de *dar* como trazos da súa subárea. Por último, a microsubárea Moraña-Cotobade distínguese das restantes da subárea por non ter seseo prenuclear ou explosivo, ou o que é o mesmo, por só ter seseo posnuclear ou implosivo (inexistencia de /θ/ en posición final de sílaba: [luɟ] e [dɛɟ] no lugar de [luθ] e [dɛθ]).

Xa en relación cos trazos dialectais obxecto de estudo deste traballo, a dialectoloxía (Fernández Rei 2003: 163) dinos que, por unha banda, a zona de Moraña presenta claramente gheada pese ao retroceso que está sufrindo este fenómeno nos últimos anos (Rodríguez Lorenzo 2009: 148-150). Vai ser fundamental entender que a gheada, amais de presentar variación diatópica, tamén posúe unha forte variación diastrática e diafásica como explicaremos máis adiante. E por outra banda, sobre o rotacismo dísenos que se rexistra “en moitas falas galegas, ás veces esporadicamente. [...] hai zonas compactas de rotacismo no sur de Lugo, interior da [provincia de] Pontevedra [...] e gran parte de Ourense (Fernández Rei 2003: 57).

Semella que non temos, polo tanto, unha información precisa sobre a distribución diatópica do rotacismo<sup>20</sup> mais é posible que apareza nas nosas producións xa que Moraña se atopa no interior da Provincia de Pontevedra. Tamén somos conscientes desa aparición “esporádica do trazo” nos falantes, que moitas veces, co seu uso buscan reforzar a presenza da súa variedade dialectal. Se consultamos o *Atlas Lingüístico Galego* (Instituto da Lingua Galega 1999), no volume de fonética (v. III), dispomos do punto de enquisa número nove (P9) correspondente ao lugar de Santa Lucía de Moraña. Nel podemos por unha banda, confirmar a presenza plena de gheada no territorio (mapas 176, 177, 178, 184). Así, por exemplo, para os resultados de G- inicial latino seguido de A, recollidos no mapa 176 (Lat. GANĀTU > *gando*) e que presentamos na figura 2, rexístrase cunha realización faringal [h] mais atopamos puntos próximos e / ou que se achegan á zona de costa de Pontevedra que recollen xa a realización velar [x] (na zona do Lérez e en Cambados) ou que combinan ambos tipos da fricativa (concello de Catoira e de Dodro).

---

<sup>20</sup> Neste senso, Dubert (1999: 384) reclama un estudio máis profundo sobre a distribución xeográfica do fenómeno.

MAPA 176  
 Resultados de G- inicial latino seguido de A  
 Lat. GANĀTU > gando




Figura 2: Distribución da gheada ALGA III. Mapa 176 (ILG 1999. Adaptación propia).

Tal e como podemos ver no mapa anterior, outros concellos tamén próximos á Moraña pero situados máis cara ao interior tamén rexistraron só realizacións faringais (é o caso da Estrada nos seus dous puntos de recollida, Silleda, Forcarei e Cotobade). Con estes datos semella presentárenos unha situación na que a realización velar (innovadora) se vai introducindo en maior grao e substituíndo ás restantes realizacións (máis tradicionais) canto máis castelanizada está a área lingüística da que falemos e tamén canto máis na costa nos situemos. En relación a isto verificamos as informacións sobre a gheada achegadas por autores como Mariño (2017: 556) quen indica que:

As pescudas dadas a coñecer na década de 1970 amosaron que, fronte ás articulacións faringal, laringal, e uvular da gheada, propias preferentemente dos falantes máis vellos, máis rurais e menos escolarizados, a realización fricativa velar xorda parecía darse preferentemente entre os que tiñan unha maior exposición ao castelán, é dicir, entre os máis novos, entre os máis urbanos e entre os que tiñan un maior nivel de instrución [...] Outros traballos de investigación posteriores confirmaron a existencia de tales correlacións, con evidente avance social da realización fricativa velar xorda.

Tendo en conta este avance da realización velar da gheada e que os datos do ALGA puideron mudar sensiblemente ata o día de hoxe, esperamos obter tamén nos nosos resultados unha presenza considerable da realización innovadora fronte a unha aparición máis minoritaria para as restantes realizacións tradicionais. Ademais, tendo en conta a situación sociolingüística galega da que falamos no apartado 3, tamén tomamos como hipótese máis probable que van ser as persoas de maior idade e/ou menor formación as que manteñan as realizacións tradicionais do fonema /g/ (faringal, laringal, ou uvular), rexistrándose a velar nas xeracións máis novas e/ou con maior formación.

Para rematar, en relación ao rotacismo, tamén consultamos o ALGAI (ILG 1999) e observamos que hai unha área non sempre compacta na zona norte do interior da provincia de Pontevedra onde se recolle rotacismo mais non en todos os contextos fonéticos nos que este pode darse. Pese a isto, e seguindo os resultados do P9 do ALGAI, Moraña é unha zona que presenta rotacismo case sempre<sup>21</sup>. Así, por exemplo, teríamolo na realización da aproximante alveolar [ɹ] en posición implosiva e ante consoante sonora como mostra o mapa 197 (Gal. *as vacas*) e o mapa 199 (Gal. *os dedos*) que presentamos na figura 3. Ademais, o trazo tamén aparece coa combinación das realizacións aproximante alveolar [ɹ] e a sibilante apicoalveolar sonora [z] (mapa 198 – Gal. *desde*), a realización [ɹʰ] en posición implosiva e ante /g/ (mapa 201- Gal. *desgusto*) ou a realización da vibrante simple alveolar sonora [r] en posición implosiva e ante consoante nasal (mapa 202- Gal. *mesmo*).

---

<sup>21</sup> Non o presenta, por exemplo, en posición implosiva e ante consoante fricativa xorda (mapa 204- Gal. *esfolar* e mapa 205- Gal. *as flores*)

MAPA 199  
Realizacións de s implosivo ante consoante sonora  
Gal. os dedos




Figura 3: Distribución do rotacismo ALGAIH. Mapa 199 (ILG 1999). Adaptación propia.

En definitiva, podemos esperar entón que, aínda que non sexa en todos os contextos fonéticos<sup>22</sup>, na variedade local de Moraña apareza o rotacismo e a gheada estea tamén presente pero, será o noso traballo o que nos diga se estes trazo están presentes na actualidade na zona e que grao de resistencia presentan ao expoñer aos falantes a unha situación formal e sendo entrevistados por un usuario do galego estándar (variedade que, como dixemos, non adoita presentar, nin rotacismo nin gheada).

<sup>22</sup> Non nos pareceu suficientemente relevante diferenciar, no noso corpus, as realizacións fonéticas que puidera xerar o rotacismo xa que, ao contrario que ocorre coas diferentes realizacións da gheada, non parecen ter maiores implicacións no cambio lingüístico. Decidimos, entón, sinalar cando aparece ou non o rotacismo sendo este posible cando houbera un [s] en posición implosiva diante de consoante sonora.

## 2.2.2. TRATAMENTO DOS DATOS E SELECCIÓN DE SECUENCIAS

Despois da recollida de datos cos informantes comezamos co procesamento da linguaxe oral e a selección das secuencia de interese. Así, en primeiro lugar, realizamos as transcricións ortográficas das producións dos falantes que quedan recollidas no Anexo II deste traballo. Para levar a cabo esta fase, empregamos o programa ELAN<sup>23</sup> e os criterios de transcripción do CORILGA<sup>24</sup> (Corpus Informatizado da Lingua Galega) do Instituto da Lingua Galega da USC. Con este programa puidemos seleccionar os fragmentos e aliar o son coa transcripción ortográfica introducida. Así, fixemos un achegamento ao procesamento da linguaxe oral, neste caso para que poida formar parte dun Corpus. Na seguinte imaxe podemos ver un exemplo do procedemento de transcripción:




Figura 4: Transcripción con ELAN

<sup>23</sup> ELAN é unha ferramenta lingüística de transcripción e anotación multinivel, desenvolvida polo Max Planck Institute. Está dispoñible en: <https://tla.mpi.nl/tools/tla-tools/elan/>.

<sup>24</sup> O autor deste TFM realizou as prácticas externas do Mestrado no ILG traballando neste proxecto. Isto está recollido na *Memoria de Actividades* do ILG do ano 2020 consultable en: [https://ilg.usc.gal/sites/default/files/descargas\\_memorias/ilg\\_memoria\\_de\\_actividades\\_2020.pdf](https://ilg.usc.gal/sites/default/files/descargas_memorias/ilg_memoria_de_actividades_2020.pdf).

Durante este proceso eliminamos algún falante dos inicialmente seleccionados por teren pouca produción ou non poder comprobar se os galegofalantes usaban ou non a gheada ou o rotacismo por non darse o contexto fonético necesario para a realización destes trazos . Como podemos ver na figura 4, creamos liñas de anotación nomeadas segundo as variables sociolingüísticas dos falantes e tamén demos conta das intervencións dos entrevistadores (E). Isto fixémoslo para despois poder acceder máis rápido a cada falante e ás súas características. Comezamos indicando o número de falante, a continuación o sexo (home ou muller) e o tramo de idade (TI). Para este último seguimos tamén os criterios do CORILGA e consideramos cinco tramos: TI1 para falantes menores de 14 anos, TI2 entre 15 e 25, TI3 de 25 a 50, TI4 DE 50 a 70 e TI5 para os falantes con máis de 70 anos. Continuamos indicando os datos sobre lingua habitual e lingua na entrevista e rematamos o nomeamento das liñas de anotación co número de programa no que aparece ese falante. Así, por exemplo 7 M-TI1-GE-GAL-01 é o falante número sete, ten menos de 14 anos, usa habitualmente galego na súa variedade local e tamén o español, na entrevista empregou a variedade local galega e aparece no programa 1. Ou tamén o caso de 78 M-TI3-ESP-GALest-12-13, a falante 78 que ten entre 25 e 50 anos, usa o español como lingua habitual mais exprésase en galego estándar na entrevista e aparece nos programas 12 e 13<sup>25</sup>.

O paso seguinte foi crear unha táboa con toda a información dispoñible nos procesos anteriores e que presentamos no Anexo III deste traballo: os falantes coas súas variables sociolingüísticas, o uso da gheada e o rotacismo que facían nas produción orais así como diferentes observacións con máis datos achegados polos informantes e, por exemplo, sobre a interacción con outros falantes dentro da entrevista. A seguir podemos ver un algúns exemplos:

---

<sup>25</sup> Nalgunhas ocasións podíamos atopar aos mesmos falantes en diferentes programas especialmente se estes estaban vinculados á organización das festas ou tiñan algún cargo relevante na vila.

### 15. Festa do Carneiro ó espeto 2018 - De Festa en Festa Canal Rías Baixas

INFORMANTE	SEXO	TRAMO DE IDADE	APARICIÓN (hh:mm:ss)	LINGUA HABITUAL	LINGUA NA ENTREVISTA	USO GHEADA	USO ROTACISMO	NIVEL DE ESTUDOS	CLASE SOCIAL	TIPO DE OFICIO	HABITAT	OBSERVACIÓNS
84 M-TI2-GALestE-GALest-15	M	2	00:16:00	gal. var. <i>estánd</i> e <i>esp.</i>	gal. var. <i>estánd</i>	nulo (1)	baixo (1)	universitarios	<i>m.a</i>	2	<i>semiurbano</i>	pai médico nai terapeuta <i>neofalante con rotac.</i> algúns trazos locais estudante / xornalista / escritora / política
85 M-TI3-GE-GAL-15	M	3	00:17:56	gal. var. local e <i>esp.</i>	gal. var. local	baixo	baixo	superiores	<i>m.b</i>	2	<i>semiurbano</i>	non seseo prep. <i>a</i> redundante administrativa / política / dependente
86 M-TI5-ESP-ESP-15	M	5	00:19:06	<i>esp.</i>	<i>esp.</i>	-	-	superiores	<i>m.b</i>	2	rural	monxa / ama de casa
87 H-TI3-GAL-GAL-15	h	3	00:29:38	gal. var. local	gal. var. local	medio	pleno	universitarios	<i>m.b</i>	2	<i>semiurbano</i>	mestre / político / músico / deportista

### 16. Festa de Santa Xusta 2018– De Festa en Festa Canal Rías Baixas

INFORMANTE	SEXO	TRAMO DE IDADE	APARICIÓN (hh:mm:ss)	LINGUA HABITUAL	LINGUA NA ENTREVISTA	USO GHEADA	USO ROTACISMO	NIVEL DE ESTUDOS	CLASE SOCIAL	TIPO DE OFICIO	HABITAT	OBSERVACIÓNS
88 H-TI5-GAL-GAL-16	H	5	00:05:10	gal. var. local	gal. var. local	baixo	pleno	básicos	<i>m.b</i>	2	rural	gheada farinxa empresario construción
89 M-TI1-GAL-GAL-16	M	1	00:07:16	gal. var. local	gal. var. local	-	-	-	<i>m.b</i>	2	rural	nai froteira pai camioneiro
90 M-TI5-GAL-GAL-16	M	5	00:10:54	gal. var. local	gal. var. local	pleno (1)	-	básicos	<i>m.b</i>	1	rural	gheada farinxa agricultora / ama de casa
91 H-TI3-GE-GAL-16	H	3	00:15:51	gal. var. local e <i>esp.</i>	gal. var. local	nulo	pleno	superiores	<i>m.a</i>	2	rural	garda civil
92 H-TI5-GAL-GE-16	H	5	00:29:53	gal. var. local	gal. var. local	nulo	pleno	básicos	<i>m.b</i>	1	rural	fala español nun comezo e muda cara o galego

Figura 5: Falantes, variables sociolingüísticas e trazos da produción oral (gheada e rotacismo)

Dentro da variable tipo de oficio diferenciamos tres grupos. Un primeiro para aquelas ocupacións vinculadas co sector rural galego, labregos e gandeiros fundamentalmente, o segundo para o sector servizos e un terceiro para profesións públicas, de certo renome ou con cargos directivos como poden ser políticos, médicos e enxeñeiros. No caso de non existir profesión concreta e para os e as amas de casa decidimos incorporar estes falantes no segundo grupo porque nos interesaba manter ben definidos o primeiro e o terceiro grupo. Para atribuírlle un tipo de oficio aos cativos do primeiro tramo de idade atendemos ás profesións dos seus proxenitores. No relacionado coa variable hábitat establecemos un grupo chamado *semiurbano* para os falantes que vivisen no casco urbano da vila e outro para o resto de falantes baixo o nome *rural*.

Xa por último, procedemos á selección das secuencias co fin de crear o noso propio corpus orientado ós obxectivos do estudo. Así, elaboramos outra táboa que pode consultarse no Anexo IV deste traballo, e da que podemos ver a continuación un exemplo:

78 M-TI3-ESP-GALest-12-13	Non gheada	<u>fag*o</u> <u>log*o</u> <u>g*usta</u> <u>g*randes</u>	no exterior: a festa
	Rotacismo	<u>tódalar</u> · <u>festas</u> <u>dir</u> · <u>frutar</u>	
79 H-TI2-GAL-GAL-GAL-13	Non gheada	<u>je log*o?</u>	
	Gheada velar	<u>fakhoo</u> <u>pakhar</u>	
	Rotacismo	<u>unr</u> · <u>viños</u> <u>or</u> · <u>dous</u>	
80 H-TI4-GE-GAL-13-06	Gheada	<u>logho</u>	no exterior: organización da festa. Fala cun asistente no vídeo 06 e é entrevistado no 13
	Rotacismo	<u>no nor</u> · <u>vai</u> <u>der</u> · <u>de</u> <u>moitor</u> · <u>máis</u>	
81 H-TI5-GAL-GAL-14	Gheada velar	<u>lukhar<sup>2</sup></u> <u>Milakhros</u>	no exterior: historia da festa por parte dun dos fundadores
	Non gheada	<u>sangr*e</u>	
	Rotacismo	<u>bestar</u> · <u>no</u> <u>ar</u> · <u>bestas</u> <u>moitar</u> · <u>máis</u> <u>dor</u> · <u>Milaghros</u>	
82 H-TI2-GAL-GAL-14	Gheada velar	<u>akhora</u>	no exterior: a festa

Figura 6: O Corpus

Nela sinalamos se os falantes fan uso ou non da gheada, se esta ten realización farínxea ou velar<sup>26</sup> e se empregan o rotacismo. Tamén indicamos a que palabras lle afectan estes fenómenos e en que contexto se producen. A simboloxía empregada no corpus para identificar os fenómenos foi a seguinte:

<sup>26</sup> Só rexistramos estas dúas realizacións.

Fenómenos		Símbolo atribuído
Gheada	Farínxea	gh
	Velar	kh
Non gheada		g*
Rotacismo		r·
Seseo <sup>27</sup> implosivo		ç
Non seseo implosivo		/

*Figura 7: Símbolos do Corpus*

Debemos salientar que para o Corpus final seleccionamos só aos falantes que se expresaban en galego nas entrevistas xa que é neses casos onde é posible analizar o uso dos trazos fonéticos a estudo. As persoas que usaron o castelán igualmente tamén aparecerán recollidas nos resultados do traballo.

---

<sup>27</sup> Decidimos tamén recoller a aparición do seseo por se este tivera interese en futuros traballos. Só atopamos seseo implosivo tal e como se agarda na zona dialectal na que nos atopamos.

### 3. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

Neste terceiro bloque presentamos as bases teóricas nas que se fundamenta este traballo mais non sen antes facer unha pequena descrición da situación sociolingüística en Galicia e de caracterizar o galego da esfera pública. A seguir explicamos xa o conceptos de cambio de código e acomodación lingüística.

#### 3.1. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

O galego é a lingua de Galicia, unha comunidade autónoma pertencente ao Estado español situada no noroeste da Península Ibérica que goza dunha certa autonomía política, recoñecida como nacionalidade histórica e, por tanto, cun certo status político. En Galicia, tanto o castelán como o galego son oficiais dende 1981 e, polo tanto, o galego úsase na escola, onde se aprende e difunde maioritariamente a súa variedade estándar, na administración, na televisión e na radio públicas, entre outros espazos. Porén, o galego atópase nunha situación de minorización lingüística, xa que é a lingua menos prestixiosa (lingua B) e está en desvantaxe fronte á lingua de prestixio, o castelán (lingua A). Un dos efectos máis graves desta situación de minorización (tamén social) é a continua perda de galegofalantes, sobre todo nas cidades e nas súas áreas de influencia e nas xeracións máis novas. Así, podemos ver na figura 6 que as áreas de Vigo, A Coruña e Ferrol-Eume-Ortegal non superan o 33% de persoas que falan habitualmente en galego sendo estas as áreas galegas máis poboadas. Na figura 7 observamos que a lingua propia de Galicia só se usa na oralidade na metade dos casos e que o 39% da poboación non a emprega nunca ou case nunca. Ademais, comparando estes datos recentes con anteriores, podemos observar unha tendencia de descenso progresivo e constante do uso oral do galego que se potenciou ao longo deste século.




Figura 8: Persoas que falan habitualmente en galego sempre ou máis galego que castelán por áreas. Ano 2018 (IGE 2019). Unidade: %.




Figura 9: Índice de uso do galego oral en Galicia. Ano 2013 (RAG) Unidade: %.

Estes malos datos pasan a ser alarmantes ao observarmos o uso do galego segundo a idade dos falantes pois podemos ver un proceso de desgaleguización, a favor do monolingüismo en castelán, moi acentuado nas xeracións máis novas. Esta substitución lingüística xunto coa ruptura da transmisión interxeracional da lingua galega, preséntanos un escenario moi complicado para futuro do noso idioma. Así, como podemos ver na seguinte gráfica, o grupo

de idade que emprega máis galego é aquel comprendido entre os 45 e os maiores de 75 anos, pero a medida que baixa a idade dos falantes tamén baixa o seu uso da lingua. Deste xeito, a porcentaxe de uso do galego baixa ao 30% ou menos para os menores de 20 anos e ata un minúsculo 21% nos cativos de entre 5 e 9 anos.




Figura 10: Uso do galego (agrupación das alternativas de monolingüismo e bilingüismo en galego) segundo a idade e tendencias de uso na cohorte. Ano 2013 (RAG). Unidade: %.

Pero, ademais disto, tamén podemos observar unha castelanzación progresiva do galego que se acentuou nas últimas décadas e que afectan tamén ao nivel estrutural da lingua. Así, observamos en moitas variedades un proceso de cambio asimilatorio ou converxente co castelán (Freixeiro Mato 2015: 13). Mostra disto son, por exemplo, o emprego de tempos compostos en galego ou a redución do seu sistema de sete vogais.

Do mesmo xeito, tamén existe un grupo de galegofalantes que escollen variantes ou trazos non compartidos entre o galego e castelán ou non existentes nesta última, isto é, un proceso de cambio na dirección da disimilación ou diverxencia co castelán. Neste senso, podemos mencionar a neofalantes que pese a aprenderen o galego na súa variedade estándar incorporan trazos dialectais como a gheada ou o seseo. En concreto, a gheada, “de hai uns vinte anos para acá [...] semella gozar de certo prestixio encuberto entre os mozos galegofalantes” (Mariño 2017: 559). Estes “identifican este trazo como un marcador social que lles permite solidarizarse e identificarse coas clases galegofalantes [...]. É un acto de afirmación cultural, lingüística e

social” (Regueira 1999: 863-864). Pouco despois, Kabatek (2000:152-156) apoiaba tamén a existencia dese “prestixio encuberto”. Pese a isto, a gheada segue a ser considerada socialmente un marcador de rexistro informal (Recalde Fernández 1994 e Kabatek 1996) pese aos intentos de certos grupos por incorporala a rexistros formais e públicos: obras literarias, certos eventos en medios de comunicación, series de televisión como *Mareas Vivas* (TVG) ou no ámbito musical nos xéneros pop-rock, folk e tamén na música tradicional con grupos como Heredeiros da Crus ou Leilía (Fernández Rei 2004: 321-329). Neste senso, o grupo Tanxugueiras é na actualidade outro dos que usa a gheada de maneira habitual nas súas cancións. O uso da gheada nestes ámbitos supuxo e supón unha chamada á lealdade das raíces populares da lingua. Na opinión de Mariño (2017: 559), estas actitudes “non conseguirá[n] levar a gheada ata os rexistros orais formalizados, polo menos no curto e no medio prazo, pero polo menos podería estar a ralentizar o seu ritmo de abandono nos rexistros informais, sobre todo entre os falantes máis novos”.

Ademais dos neofalantes tamén temos outros usuarios da lingua galega que, por exemplo, entre os termos “bágoa” e “lágrima” ou “beizos” e “labios” escollen a forma galega non existente no castelán. Todos e estes comportamentos lingüísticos diverxente non son aleatorios ou carentes de sentido senón que responden a unha ideoloxía e identidade<sup>28</sup> lingüísticas nas que, polo tanto, están en xogo diversos aspectos ideolóxicos e identitarios que marcan e condicionan, sen dúbida, gran parte do proceso de cambio lingüístico. Nesta concepción da identidade, situamos o concepto de “indexicalidade” (Silverstein 2003), polo que a lingua se asocia con características sociais específicas significativas local ou contextualmente. Desta maneira, podemos identificar trazos lingüísticos que os membros dunha determinada comunidade de práctica utilizan para construír a súa identidade de grupo.

A situación de contacto é, polo tanto, complexa e continúa enriquecéndose posto que as variedades lingüísticas que están na actualidade en contacto son, ademais da galega popular e a castelá de Galicia, os estándares correspondentes, as variedades urbanas, entre outras. No caso da variedade do estándar galego, que caracterizaremos mellor no seguinte apartado, conseguiu ocupar e ampliar os contextos de uso da lingua galega, é a variedade galega predominante no eido público e, á súa vez, adoita levar asociada unha maior castelanización

---

<sup>28</sup> Con identidade facemos referencia ao “produto das prácticas lingüísticas e semióticas das persoas que interveñen na interacción, e por tanto como un fenómeno social e cultural, non unha propiedade psicolóxica interna da persoa (Regueira 2020: 30).

debido, entre outras cousas, ao perfil de falante que a emprega. Asemade, tamén emerxe e se amplía a convivencia dunha maior variedade de falantes con perfís sociolingüísticos tamén máis ricos.

### 3.2. O GALEGO DA ESFERA PÚBLICA

Nas últimas décadas medrou o emprego da lingua galega no espazo público dando lugar ao desenvolvemento dunha esfera pública en galego (Regueira 2020). A ela pertence a actividade cultural e a política pública mais tamén axentes como o da a televisión pública galega. Neste senso, os reporteiros das canles TVG e Canal Rías Baixas aos que se expuxeron os nosos falantes pertencen a este espazo, no que participan axentes bilingües e que “tamén toman parte na esfera pública na lingua dominante, polo que o contacto de linguas nese espazo social é intenso [...]. Ademais debemos sinalar que a lingua do estado é tamén a “dos medios de comunicación españois e da maioría dos medios privados de Galicia” (Regueira 2020: 28-29). Esta situación e os cambios sufridos en Galicia nas últimas décadas, como foi o proceso intenso de urbanización e os fortes cambios económicos que, por exemplo, provocaron que gran parte da poboación abandonase o sector primario (maioritariamente galegofalante), tiveron consecuencias lingüísticas tanto no galego como no español de Galicia.

Neste caso, a variedade do galego usado na esfera pública presenta unha influencia abundante do contacto co español tal e como demostran diferentes traballos (Regueira 2016, 2019 e 2020 ou Cáccamo 2000). Esta castelanización percíbese esencialmente no plano fonético, lexical e sintáctico e esta variedade chega a gran parte da poboación, especialmente mediante a TVG ou a Radio Galega (R.G). Estes medios son, a miúdo, a única referencia de galego estándar e de uso da lingua no ámbito formal polo que teñen moita influencia na poboación que os consome de tal xeito que permitiron a creación dun “espazo discursivo” propio (Hourigan, 2003: 51). Ademais tamén conseguiu que a poboación galega puidera representarse e “imaxinarse” de maneiras que antes eran impensables (Medeiros 2006: 243). Mais semella que sempre, dun xeito ou doutro, está presente o castelán como se dun “molde lingüístico” se tratase xa que as certos espazos discursivos doutras linguas foron, en xeral, imitadas e adaptadas a través do español e estas chegaron á comunidade galega cando aínda non existía un espazo público compacto e foron, en parte, absorbidas<sup>29</sup>.

---

<sup>29</sup> Pensemos, por exemplo, na maneira de retransmitir un partido dalgún deporte ou nas intervencións políticas.

En definitiva, como resultado de toda esta situación, o galego presente na esfera pública e, polo tanto, nos medios de comunicación citados, presenta unha gran influencia do español. Ben é certo que podemos atopar diferenzas entre as persoas que forman parte dela e algunhas que incluso poden adaptar a súa variedade á do interlocutor<sup>30</sup>. Mais, a nivel xeral, podemos falar de que existe unha variedade bastante estable e homoxénea usada por parte dos medios de comunicación públicos galegos e, incluso, de que o perfil sociolingüístico dos traballadores destes medios é bastante semellante.

### 3.3. CAMBIO DE CÓDIGO E ACOMODACIÓN LINGÜÍSTICA

As linguas en contacto xeran numerosos fenómenos entre os que podemos destacar: *marques transcodiques*, *mixing*, *language mixing* ou *incorporation* (Vasseur 1990; Pfaffer 1990; Hyltenstam 1990 e Meisel 1991). Estes fan referencia a diferentes combinacións de primeira e segunda lingua (en diante L1 e L2) dentro de discursos bilingües máis tamén existen outros nos que non é imprescindible esta situación: *lexical borrowing*, *gramatical convergence*, *incomplete L2 acquisition*, *interference*, *transfer* ou *translanguaging*., Entre estes fenómenos atópase o que aquí nos ocupa: o cambio de código que procedemos a explicar.

#### 3.3.1. O CAMBIO DE CÓDIGO

O cambio de código ou *code switching* foi introducido por Gumperz (1982) e ten unha gran rendibilidade dentro da Análise da Conversa. O concepto foi definido polo autor como “the juxtaposition within the same speech exchange of passages of speech belonging to two different grammatical systems or subsystems” (p. 59) mentres que, posteriormente, Myers-Scotton (1993: 4) describiu o cambio de código como “the selection by bilinguals or multilinguals of forms from an embedded language (or languages) in utterances of a matrix language during the same conversation”.

Co anterior entendemos que nas comunidades bilingües ou multilingües, os falantes poden usar as súas linguas ou códigos de forma natural alternando entre eles para cubrir un oco léxico, cando non coñecen o termo específico nun dos códigos, por exemplo, ou poden facelo con outro propósito. Neste sentido, Gumperz (1982) referiuse ao cambio de código non como un fenómeno resultante da deficiencia lingüística do falante nunha das súas linguas senón como

---

<sup>30</sup> No noso traballo isto ocorreu con algún reporteiro que introducía de xeito esporádico algún trazo dialectal na súa produción.

un recurso adicional para expresar unha serie de significados sociais, retóricos e estilísticos. Así, a alternancia de linguas ou códigos teñen, a miúdo, unha función expresiva e unha finalidade pragmática. Mostra disto no ámbito galego é o estudo de Diz Ferreira (2017), que analiza a construción da identidade rural a través da negociación da escolla de código, neste caso en secuencias de apertura, e afirma que:

A escolla de código constitúe unha estratexia conversacional moi rendible á hora de construír discursivamente a identidade na interacción. Neste sentido, os falantes proxectarán identidades diversas en función da escolla de código (galego, castelán ou variedades alternantes). Isto é especialmente interesante nas secuencias de apertura conversacional, momento no que se propón e se negocia unha definición da situación onde os participantes se presentan diante dos demais interlocutores (Diz Ferreira 2017: 23).

Así mesmo, esta estratexia sinalada polo autor serve para amosar achegamento ou afastamento cara aos nosos interlocutores, situándonos nun endogrupo ou nun exogrupo ao escollermos unha variedade e uns trazos máis converxentes ou máis diverxentes con respecto aos seus. Ademais, dentro dun contexto bilingüe, o cambio de código pode darse por múltiples razóns: que o falante non se atope cómodo na lingua base, cando o contexto muda ou cando o fai a situación comunicativa ou o/os interlocutor/es. Non é doado saber as motivacións dese cambio e neste sentido é moi interesante o proxecto *Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística*<sup>31</sup> que se está desenvolvendo na actualidade no Instituto da Lingua Galega posto que se centra no falante como protagonista do estudo lingüístico ao ser este quen mellor coñece as súas estratexias discursivas e as razóns dos seus usos. Nel trátase, pois, de comprender como utilizan os falantes os seus repertorios lingüísticos, abandonando a concepción de “lingua” como como obxectos compartimentados e ben delimitados, para construír identidades, discursos e ideoloxías.

O cambio de código non é un fenómeno inocuo xa que inflúe na evolución diacrónica das linguas en contacto esta situación adoita ser “una simple etapa, larga pero irreversible [...] de

---

<sup>31</sup> Neste proxecto, no que colabora na actualidade o autor deste TFM, téñense en conta as ideoloxías lingüísticas como un dos factores que poden condicionar a dinámica de variación e cambio lingüístico resultantes do contacto entre linguas e entre variedades, xa que se conciben as ideoloxías lingüísticas como o sistema cultural de ideas sobre as relacións lingüísticas e sociais que condicionan o valor que os falantes lle outorgan á lingua, as súas actitudes e a forma en que forxan as súas identidades. Dispoñible en: <https://ilg.usc.es/gl/proxectos/contacto-cambio-linguistico-e-ideoloxia-en-contextos-de-minorizacion-linguistica>.

un proceso de substitución lingüística” (Cassany, Luna e Sanz 1993: 456-457). Así, nunha situación prototípica teríamos unha lingua principal ou *lingua base* que se complementa coa *lingua enxertada*, termos que se corresponden cos de *matrix language e embedded language* segundo a terminoloxía de autores como Eliasson (1990). A escolla dunha lingua ou doutra repóndese a razóns sociolingüísticas e no caso dos galegofalantes é moi habitual que se acuda ao castelán de maneira constante. Tamén ocorre ao revés, aínda que cada vez é menos común, coa variedade do español de Galicia na que se recorre ao galego para empregar certas expresións ou cunha finalidade expresiva. Así podemos escoitar a un usuario deste variedade empregando “malo será”, “chegar e encher” ou “arre carallo” e que use o galego de maneira illada para expresar cariño ou incluso manter unha discusión.

No noso traballo é pouco habitual o cambio de código tal e como o definiu inicialmente Gumperz (1982) posto que facía referencia á alternancia de linguas propiamente ditas e non o contemplaba para a alternancia de variedades lingüísticas. Neste caso, e dende unha concepción tradicional, non falaremos xa propiamente de cambio de código senón de variacións estilísticas. Igualmente no apartado de resultados sinalaremos eses casos onde algúns falantes fan un emprego ocasional dentro da súa lingua base de elementos da outra lingua (sendo estas o galego ou o español). Mais, tal e como sinalamos nun comezo, o que nos interesa a nós é a alternancia dentro das variedades lingüísticas do galego. E é que, con respecto á definición clásica de cambio de código, alúdese ao concepto *código* como sinónimo de *lingua* pero “en realidade conviene extender el concepto a otros códigos lingüísticos no estrictamente idiomáticos: puede entenderse como “código” no sólo una lengua en su conjunto, sino también un dialecto o incluso un registro lingüístico” (Cantero e De Arriba 1996: 587). En relación a isto, non parece que haxa un acordo claro entre os estudosos no campo xa que, por exemplo Auer (1990) ou Myers-Scotton (1991) non inclúen a alternancia dialectal dentro dos estudos de cambio de código mais nós seguiremos a autores que si a incorporan como Cantero e De Arriba (1996). Estes últimos falan de tres modalidades de cambio de código: o cambio idiomático, isto é, o cambio de lingua ligado á acepción tradicional; o cambio dialectal, no que se centra este traballo; e o cambio difásico, como aquel onde se muda o rexistro lingüístico. Todo isto fai máis complexo o fenómeno do cambio porque nos contextos bilingües poderán xurdir á vez cambios de linguas mais tamén cambios dialectais e de rexistro. Toda esta complexidade tamén ten as súas vantaxes xa que nos permite caracterizar o proceso de cambio na interacción lingüística dunha maneira moito máis fiable e abrangente.

Dende o noso punto de vista, é máis acertada esta concepción xa que se achega mellor ao uso real das linguas e as súas variedades xa que:

“una lengua [...] no constituye un único código intercambiable, sino que está compuesta por una serie de códigos que interactúan en el discurso constantemente. Cada una de las variedades lingüísticas, así, puede considerarse un código con una entidad propia: especialmente, las variedades dialectales [...] (Cantero e De Arriba 1996: 591).

Ademais, os dialectos están ben establecidos historicamente e a comunidade que o fala coñéceo, é capaz de identificalo e, sobre todo, de diferencialo dos demais, especialmente da variedade estándar. Así, podemos defender que nunha situación lingüística como a que presentamos neste traballo, un falante entrevistado pola televisión, ademais de negociarse o uso da lingua base tamén se negocia o do “dialecto base” (vid. Cantero e De Arriba 1996: 591). Así, os entrevistados que coñecen a variedade dialectal e tamén a estándar empregada pola televisión van decidir cal utilizar ou empregarán unha variedade ben, máis próxima á primeira que normalmente é o seu “dialecto materno”, ou ben, máis converxente coa segunda. Nestes casos, as funcións do cambio dialectal “son similares a las que cumple el cambio de código idiomático en contextos bilingües: especificar el interlocutor o el contexto, facilitar el contacto [...] marcar énfasis, emplear citas, transferir terminología específica y emplear afectivamente la lengua (función expresiva / apelativa)” (vid. Cantero e De Arriba 1996: 591-592). Nestes cambios de dialectos cobran especial relevancia os elementos fónicos e algúns morfolóxicos xa que, a miúdo, son os que permiten diferenciar dialectos máis facilmente. Para o noso caso, unha variedade con gheada e rotacismo é claramente diferenciable, por exemplo, da variedade estándar máis tamén doutras variedades dialectais galegas. E, como dixemos, socialmente non se concibe o uso destes trazos dentro dunha variedade de rexistro formal.

Para os casos onde non é posible o cambio de dialecto porque os falantes non dominan o suficiente outra variedade diferente á súa ou simplemente se manteñen na conversa coa súa variedade de uso habitual, non existirá dito cambio mais poderán darse, de igual maneira, lixeiras adaptacións á lingua do seu interlocutor. A isto chamámoslle acomodacións lingüísticas e neste traballo serán analizadas mediante o grao de uso dos trazos da gheada e rotacismo por parte dos morañeses que se comunican normalmente coa súa variedade dialectal.

### 3.3.2. A ACOMODACIÓN LINGÜÍSTICA

A Teoría da Acomodación foi desenvolvida por Howard Giles (1980) e buscaba explicar os cambios realizados polos falantes nos seus discursos para minimizar as diferenzas lingüísticas con respecto ás variedades dos seus interlocutores. Deste xeito, presúmese que o falante pode a aproximarse á forma de falar dos outros participantes tanto na elección do idioma, o acento, o dialecto ou outros aspectos paralingüísticos. Pero, ademais desta converxencia de variantes, tamén pode darse unha diverxencia co fin de establecer distancia social e reforzar a pertenza a un grupo determinado. A teoría tamén se ocupa das ligazóns establecidas entre linguaxe, contexto e identidade e pon o foco nos factores interpersoais que repercuten nas conductas comunicativas. Neste senso, os falantes crean patróns de comportamento lingüístico coa finalidade de identificarse ou diferenciarse dun determinado grupo.

A acomodación, polo tanto, pode darse mediante dúas vías tal e como explica Kabatek (2015): a “simétrica” e a “asimétrica”. No primeiro caso teremos dous falantes que usan variedades diferentes e que levan a cabo adaptacións lingüísticas. Ambos os dous, idealmente, atópanse no medio das dúas variedades evitando o que as separaba e preferindo aqueles trazos semellantes mais “In der Praxis ist ein solches „Sich-in-der-Mitte-Treffen“ wohl eher selten oder sogar unmöglich, da der Akkomodationsprozess immer in einem gewissen Maße asymmetrisch zu sein pflegt”<sup>32</sup> (Kabatek 2015: 168). Así, entrarán diferentes factores en xogo como: a capacidade ou facilidade de adaptación de cada usuario; o lugar onde se produce o intercambio lingüístico, xa que non é mesmo que aconteza dentro da comunidade usuaria da variedade A que da variedade B<sup>33</sup>; e tamén influíra o prestixio que teña cada variedade, sendo a que goce de máis prestixio a que atraia maiores adaptacións. Neste sentido, podemos agardar que, por unha parte, os falantes da variedade moraíña vaian realizar menos adaptacións por ter lugar a interacción en Moraíña mais que, por outra, si que realice ditas adaptacións por ser a variedade menos prestixiosa. Pese a isto, os factores individuais tamén serán chave por que, aínda que as variedades estean máis ou menos determinadas, estas son controladas polos seus usuarios e, polo tanto, entra en xogo o factor da actitude lingüística. Deste xeito, podemos

---

<sup>32</sup> Esta situación é “na práctica bastante rara ou incluso imposible porque o proceso de acomodación sempre ten que ser asimétrico ata certo punto” (tradución propia).

<sup>33</sup> Facemos referencia a que se o falante permanece no territorio onde habita o grupo que fala a súa variedade, tenderá a manterse nesa variedade ou a facer menos adaptacións. Mentres que, pola contra, se o falante se atopa no terreo que fala a outra variedade, terá un comportamento máis converxente.

concluir que a acomodación non é un fenómeno natural. Loxicamente, a asimetría é o fenómeno oposto, no que, polo tanto, os falantes non fan escollas de elementos comúns entre as variedades. Esta presupón que existe un coñecemento, cando menos pasivo, dos dous dialectos por parte dos interlocutores e pode darse sempre que exista intercomprensión.

Outro dos conceptos que entra en xogo a partir da acomodación é o da *nivelación lingüística*. Esta aparece cando dous dialectos conflúen e se converten nun novo que resulta da mestura dos dous anteriores. Neste proceso pódense perder algunhas características de cada variedade dialectal e proliferou a partir das melloras na comunicación e o aumento das interaccións entre as zonais rurais e as urbanas que deron lugar a un maior contacto dialectal. Un exemplo de nivelación dialectal é o caso de Milton Keynes, entre dialectos do inglés, investigado por Paul Kerswill e Ann Williams (1999).

A pesar disto, en moitos casos, sobre todo naqueles onde non existen grandes diferenzas entre as variedades dialectais e a suprarexional, a nivelación lingüística provocará un achegamento aos trazos propios da variedade estándar. Así, a nivelación emprégase para “situaciones de convergencia de variedades [...]” e fai referencia a “un movimiento vertical en el que una de las variedades, la menos prestigiosa, trata de converger en el sentido de la variedad estándar” [...]” e “[E]sta nivelación entre las dos variedades es en realidad el resultado accidental de una pretendida aproximación convergente hacia la variedad estándar” (García Ibáñez 2015: 96).

## 4. RESULTADOS

Neste apartado mostraremos cales foron os resultados obtidos no noso traballo. Comezaremos por aqueles máis xerais centrados nos cambios de código producidos, para despois comentar os comportamentos dalgúns dos falantes que maior interese teñen, segundo o noso criterio, para o proceso de cambio lingüístico. A continuación centraremos a nosa atención na acomodación lingüística que tivo lugar analizando polo miúdo os resultados obtidos para a gheada e o rotacismo segundo as variables sociolingüísticas que empregamos.

### 4.1. CAMBIOS DE CÓDIGO

Para falarmos dos comportamentos lingüísticos dos falantes en relación ao cambio de código deberemos comparar a variable de Lingua Habitual e Lingua na Entrevista e vermos se se produciron alternancias na lingua ou variedade empregada ou se esta se mantivo.

Nas táboas que presentamos a seguir, podemos ver as linguas e variedades de uso habitual (figura 9) e as empregadas nas entrevistas (figura 10) por parte dos 92 falantes analizados. Distinguimos así, tres grupos de falantes: os monolingües en galego, como grupo maioritario (69) e que aumenta os seus resultados na entrevista (87); os que fan un uso bilingüe de galego e español, que reduce sensiblemente os seus resultados pasando de 15 a 3 as persoas que fan na práctica un uso bilingüe; e os monolingües en español <sup>34</sup>, grupo minoritario que tamén se ve diminuído tendo 8 persoas español como lingua habitual pero usándoo só 2 na entrevista. Deste xeito, é o uso do galego quen sae beneficiado. En particular, a variedade estándar do galego pasa de ser lingua habitual de 5 persoas a empregala 15 na entrevista e tamén polo forte mantemento na entrevista da variante galega local. Temos así un comportamento bastante converxente coa lingua empregada polo entrevistador (o galego).

---

<sup>34</sup> Empregamos a denominación “español” e non “castelán” por esta referirse á variedade do español de Galicia.

LINGUA HABITUAL					
Monolingües en galego			Uso bilingüe		Monolingües en español
Gal. local	Gal. estándar.	Gal. estándar.+ gal. local	Gal. local + español	Gal. estándar. + español	Español de Galicia
64	5	0	10	5	8
69			15		8

Figura 11: Lingua habitual dos falantes

LINGUA NA ENTREVISTA					
Monolingües galego			Uso bilingüe		Monolingües español
Gal. local	Gal. estándar.	Gal. estándar.+ gal. local	Gal. local + español	Gal. estándar. + español	Español
67	19	1	3	0	2
87			3		2

Figura 12: Lingua usada nas entrevistas

Coa comparación de Lingua Habitual e Lingua na Entrevista observamos que se produce cambio de código, tal e como o definiu inicialmente Gumperz (1982)<sup>35</sup> nun total de dez casos. Neles hai unha tendencia maioritaria, xa o que fan sete falantes, a abandonar o español como lingua habitual e a empregar na entrevista o galego na súa variedade estándar (falantes 13, 37, 48, 52, 53, 54 e 78). Se consultamos as variables sociolingüísticas destes falantes atopamos que pertencen a tramos de idade diferentes, teñen tamén diferente nivel de estudos pero que maioritariamente traballan no sector servizos e son de clase media-baixa. Nos outros tres casos en que temos cambio de código preséntansenos os falantes 9, 51 e 92<sup>36</sup> que teñen o galego na súa variedade local como lingua habitual pero que a combinan na entrevista co español, especialmente no parte inicial da mesma.

Mais, tal e como comentamos e, seguindo a Cantero e De Arriba (1996), os casos anteriores só responden á modalidade de cambio denominada por estes dous autores como “cambio

<sup>35</sup> Recordemos que para o autor habería cambio de código só cando se producira a alternancia de linguas propiamente ditas, sen contemplar pois, a alternancia de variedades lingüísticas.

<sup>36</sup> Tamén falaremos destes tres falantes máis adiante.

idiomático” existindo outro tipo de cambio de código chamado “cambio dialectal”. Así, deste novo cambio de código tamén formarán parte as alternancias entre variedades lingüísticas. Na nosa investigación atopamos, tal e como indicamos, un gran grupo de falantes coa variedade local galega como lingua habitual que manteñen esta variedade na entrevista (56 falantes dun total de 92). Estes presentarían pois, a priori, un comportamento diverxente con respecto á variedade estándar utilizada polo reporteiro que os entrevista, posto que non mudan a súa variedade para pasar a falar en galego estándar. Precisamente, isto último é o que fan 11 falantes, maioritariamente con español como lingua habitual (6) aínda que tamén o fan 2 con galego local como lingua habitual e outros 2 con galego local e español como lingua habitual. Teñen, pois, un comportamento converxente co entrevistador. O outro falante ten galego estándar como lingua habitual pero na entrevista combina esta variedade coa local morañesa<sup>37</sup>. Por outra parte, os falantes que empregan habitualmente a variedade estándar galega, tamén supoñen outro grupo cun gran mantemento da súa variedade na entrevista pois fáno 8 dos 10 falantes que teñen o galego estándar entre as súas linguas habituais<sup>38</sup>. Para os restantes 15 falantes temos unha casuística moi ampla que podemos ver nas figuras 9 e 10 e, de maneira pormenorizada, no anexo III deste traballo.

Como representación do cambio de cambio de código, tanto idiomático como dialectal, gustaríanos poñer como exemplo á falante 9. Esta presentou un comportamento totalmente diglósico. Tendo o galego local como lingua habitual, mestura de maneira constante galego e español. Así, por exemplo, fala en español cando lle piden que organice coa súa compañeira (falante 10) unha entrevista e lla faga ao reporteiro da TVG mais despois alterna con galego estándar e local, incorporando gheada e rotacismo. Aquí podemos ver un anaco do seu discurso:

*10 M-TII-GAL-GAL-01 <preparan unha entevista> ¿non cres? ||*

*9 M-TII-GAL-GE-01 ¿y que digo entonces? ||*

*10 M-TII-GAL-GAL-01 hoxe | estamos | aquí con | con Braulio ||*

*9 M-TII-GAL-GE-01 e ímor-lle facer unha prekhuntas | ¿non? ||*

*10 M-TII-GAL-GAL-01 % e imoslle facer unha pequena entrevista ||*

*9 M-TII-GAL-GE-01 bueno ||*

---

<sup>37</sup> Co adxectivo “morañesa” facemos referencia á variedade lingüística identificada polos trazos dialectais explicados previamente cando falamos da localización dialectal de Moraña.

<sup>38</sup> Se contabilizamos os que teñen, exclusivamente o galego estándar como lingua habitual (5 falantes), o resultado para o mantemento desta variedade dáse en 4 falantes.

**9 M-TII-GAL-GE-01** *ola | hoxe estamos aquí con Braulio | e ímoslle facer unha pequena entrevista ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *ola Braulio ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *ola ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *¿te gusta tener tantos hermanos? ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *a min | encántame porque é moi divertido ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *¿con cual de tus hermanos te llevas mejor? ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *a ver | eu lévome ben con con todos os meus irmás e asmiñas irmás ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *¿cantas mascotas tes? ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *temos unha | un can | ¿e sabes como se chama? ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *creo que Chispa | [¿non?] ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *[¡si!] | ¡chámase Chispa! || é un husky siberiano ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *¡caray! || ¿cando é o teu cumpleaños? ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *pois eu cumplo anos en decembro | o tres de dec embro||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *¿costouche moito facer o cana# o canle?*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *¡non! | tiña que ter unha cámara | e ideas | e xa está | a verdade é que non ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *ata aquí chekha o final da nosa entrevista ||*  
**9 M-TII-GAL-GE-01** *moitas g\*racias por vir e darnos este momento de diversión ||*  
*EI-BRAULIO-TVG-01* *# gracias a vós | ¡adeus! ||*

En resumo, dentro do cambio de código dialectal destaca o alto mantemento da variedade local morañesa e da estándar galega. Do mesmo xeito, e debido á diglosia presente no territorio galego, chámamos á atención que ningún galegofalante empregue só español na entrevista e que só dous monolingües en español (dun total de 8) manteñan a súa lingua na entrevista.

## 4.2. COMPORTAMENTOS LINGÜÍSTICOS DESTACADOS

Antes de pasar aos casos de acomodación lingüística, gustaríanos comentar algúns comportamentos de falantes<sup>39</sup> que chamaron a nosa atención tanto polas escollas de lingua e variedade que fan como polo uso da gheada e o rotacismo que rexistran Ademais, tamén sinalamos a importancia do contexto ou tema de conversa na presenza ou ausencia dalgúns trazos<sup>40</sup>.

- Comezaremos co falante 1. Este emprega nun primeiro momento a gheada pero procede a eliminala, autocorrixíndose:

*1 H-T11-GAL-GAL-01 & que ten xokhet# | xog\*os ||*

Non se trata xa de facer uso ou non da gheada senón de que esta se empregue e se repare como se se tratara dun erro. Isto pode ser interpretado de diferentes maneiras e ter varias motivacións. Neste caso, o falante, ten interacción con outros falantes usuarios de castelán e durante a entrevista acompañaos a mestra e un entrevistador da TVG. Neste caso, podemos ter unha idea da motivación xa que no video da entrevista, o falante mira á súa docente cando se corrixe e elimina a gheada. Podemos pensar pois en que o falante percibe o uso deste trazo como incorrecto ou inadecuado e isto pode estar potenciado polo afán estandarizador que adoitan ter o corpo de mestres<sup>41</sup> para o galego. Ademais, nese momento non están interactuando outros nenos usuarios da variedade do galego local que puideran apoiar ese uso da gheada. Pese a isto, no discurso posterior do falante, aséntase o uso da gheada. Este falante, igual que o 3 e a falante 10 presenta moitos trazos dialectais propios da zona e unha fonética tradicional, características lingüísticas pouco habituais na meirande parte de Galicia e, especialmente, nestas idades.

- A falante 2 tamén destaca lingüísticamente xa que, pese a ser monolingüe en español, introduce palabras e expresións en galego como podemos ver neste segmento:

*2 M-T12-ESP-ESP-02 ¡home claro! ||*

---

<sup>39</sup> Algúns deles son os que presentan cambio de código e, polo tanto, xa foron mencionados con anterioridade. Procedemos aquí a explicar o seu comportamento de maneira máis detallada.

<sup>40</sup> Informacións recollidas no anexo IV.

<sup>41</sup> É habitual que gran parte do profesorado que fala galego o faga na variedade estándar pois é xeralmente a que coñece e, ademais, esta establecece como variedade de uso nas materias impartidas en galego.

Recordemos aquí a Gumperz (1982) cando se refería a que o cambio de código non é un fenómeno que resulta dunha deficiencia lingüística do falante nunha das súas linguas senón que pode ser un recurso adicional para expresar significados sociais, retóricos e estilísticos. Así, a alternancia de linguas ou códigos ten, a miúdo, unha función expresiva e unha finalidade pragmática que aquí podemos entender debido ao contexto bilingüe con predominio do galego no que se atopa a falante.

- O uso da gheada que fai o falante 4 é, se cadra, un dos comportamentos lingüístico máis interesantes atopados neste traballo. Vemos como participa na entrevista xunto cos seus compañeiros de clase e que non consegue iniciar unha quenda individual pois intervéñen antes pero de maneira simultánea con outros falantes. E é entón cando, pese a non rexistrar gheada anteriormente, fai uso dela nun contexto fonético inesperado (ante o grupo –NG-) e consegue establecer a súa quenda. Podemos ver o descrito nas seguintes secuencias:

*E1-BRAULIO-TVG-01* mirade | ¿e que é o que máis vos gusta das festas de cumpleaños? ||

*3 H-TII-GAL-GAL-01* % ¡a tarta!

**4 H-TII-GAL-GAL-01** [e xog\*ar | e xog\*ar e xog\*ar] ||

*E1-BRAULIO-TVG-01* ¿e ca#? | ¿e cal é a tarta que máis vos gusta? ||

*3 H-TII-GAL-GAL-01* % [chocolate] ||

**4 H-TII-GAL-GAL-01** % a min ninkhunha ||

*E1-BRAULIO-TVG-01* ¿non che gusta a tarta? ||

*3 H-TII-GAL-GAL-01* % bueno a min tampouco porque eu [nunca] a como||

**4 H-TII-GAL-GAL-01** no ||

*E1-BRAULIO-TVG-01* ¿nunca comedes tarta? ||

**4 H-TII-GAL-GAL-01** ;no! ||

*E1-BRAULIO-TVG-01* ah | ¿e que vos gusta comer a vós entón? ||

**4 H-TII-GAL-GAL-01** a min | carne | son carnívoro ||

*E1-BRAULIO-TVG-01* pero ti entón | ¿no te [cumplenanos] comes carne? ||

*3 H-TII-GAL-GAL-01* % [eu tamén] ||

**4 H-TII-GAL-GAL-01** % ¡si! ||

*E1-BRAULIO-TVG-01* ¿sópra-las velas na carne? ||

**4 H-TII-GAL-GAL-01** ;no! ||

Como é lóxico, non debemos sacar conclusións certas partindo só deste exemplo mais podemos entender que, pese a que a gheada é unha forma esterotipada que se evita nos rexistros formais, actúa como índice identitario que sinalan adhesión e solidariedade endogrupal, o cal indica que, se ben carecen de prestixio aberto, teñen prestixio encuberto (vid. Recalde 2022: 239). Deste xeito, nunha zona dialectal onde é común oír o uso de gheada, un usuario que non a emprega (como é o caso do falante 4) pode pensar que o seu uso está lexitimado. Esta ideoloxía lingüística que supoñemos, levará ao uso de estratexias discursivas como a que aquí se nos presenta, que neste caso resultou exitosa xa que o falante conseguiu ocupar unha quenda de palabra.

- Na maioría dos falantes que empregan a variedade estándar do galego detectamos unha castelanización bastante considerable.

Así, a falante 11 coloca os pronomes átonos de maneira inapropiada, o falante 12 usa tempos compostos, a número 16 usa a preposición *a* de maneira redundante, a 20 presenta despalatalización do /j/, a 53 presenta unha fonética moi influenciada polo español, o falante 54 tamén coloca os pronomes átonos non conformes coas regras da gramática do galego e presenta tamén despalatalización do /j/, o número 75 ten influencia da fonética española, a 78 presenta despalatalización do /j/ e tamén fonética do español e o falante 80 coloca inadecuadamente os pronomes e emprega a preposición *a* de maneira redundante. Vemos pois que, no noso caso, o uso da variedade estándar do galego leva asociada a castelanización estrutural e fonética do galego. Isto é así na maioría de casos pero tamén hai outros falantes usuarios desta variedade que non presentan este nivel de castelanización (é o caso da falante 28 ou a 45). Debemos sinalar aquí que nos usuarios do galego local hai unha castelanización moito menor e menos profunda mais tamén recollemos, por exemplo, erros na colocación de pronomes nos falantes 25, 30, 47 e 54. Estás, ademais, déronse sen ningún cambio contextual como puido ser noutros casos o de ter que preparar, e incluso memorizar, unha entrevista con anterioridade.

- Os falantes que presentan algún trazo tradicional tenden a presentar tamén outros e a ter máis trazos locais<sup>42</sup>. Podemos ver isto, por exemplo, mediante a presenza da vogal paragóxica *-e* que empregan os falantes 29, 30, 33<sup>43</sup>, 55, 61, 63 e 66. Estes presentan, a nivel xeral, un uso alto de gheada e rotacismo.

---

<sup>42</sup> Os falantes 59, 64 e 69 combinan o uso do seseo cun uso abundante da gheada e rotacismo.

<sup>43</sup> Esta falante presenta tamén unha realización farínxea da gheada.

- A falante 18 e o seu uso da gheada. A entrevista que lle fan estaba xa preparada de antemán e a falante comeza non usando a gheada para despois usala mediante unha realización farínxea e finalmente con tres velares. O caso desta falante móstranos como ambas realizacións da gheada, tradicional e innovadora, están convivindo no mesmo territorio e, incluso na produción dos falantes. Ocorre algo semellante co falante 41, que ten unha realización farínxea pero emprega a velar para enfatizar:

*E2-BERNARDOMONTAÑA-TVG-02* *pero vostedes meten medo | jeh! ||*

**41 H-TI4-GAL-GAL-02** *#esto é clase | amigho||*

*E2-BERNARDOMONTAÑA-TVG-02* *isto é clase | oe en Moraña hai clase||*

*E2-BERNARDOMONTAÑA-TVG-02* *¿que queredes facer con ela? | ¿regalala ou quedala vós pra casa? ||*

**41 H-TI4-GAL-GAL-02** *khastala || khastala ||*

- A falante 51 emprega rotacismo falando en español durante o comezo da entrevista e despois muda para o galego. Isto débese á influencia da súa lingua habitual, o galego local, variedade na que presentou un uso pleno do rotacismo.
- A falante 78 fai un uso do rotacismo diferente segundo a situación comunicativa na que se atope. Así, podemos ver como no programa 12, no que é entrevistada ela soa de maneira distendida e se tratan temas informais, presenta rotacismo pero, no programa 13, sendo entrevistada xunto a cargos políticos de relevancia (Ana Pastor e Alfonso Rueda), desaparece ese trazo. A gheada non está presente en ningún dos dous casos.
- O falante 80, que se atopa organizando a festa, emprega a variante local do galego para falar cun veciño pero usa o español para falar con outro membro da organización (programa 6). No resto da entrevista utiliza sempre a variedade local galega (programa 13).
- A falante 84, sinalada polos nosos informantes como neofalante, presenta rotacismo e algúns trazos locais. Neste caso non presentou gheada mais tamén podemos relacionar o uso do rotacismo co dito sobre ela por Regueira (1999). Así, cremos que a incorporación destes usos alleos á variedade estándar na que os neofalantes adoitan aprender o galego, é unha maneira de identificarse coas clases galegofalantes e tamén é un “acto de afirmación cultural, lingüística e social” (vid. Regueira 1999: 863-864).

- E, por último, destacar aqueles casos nos que cando se emprega galego e español na entrevista, este último é usado no comezo da entrevista mentres que o primeiro se usa, habitualmente, no tempo restante. Así ocorre no casos dos falantes 9, 51, 92. Isto está directamente relacionado coa negociación de identidades da que falaba Diz Ferreira (2017). Estamos ante secuencias de apertura conversacional e nestas propónse e négociase “unha definición da situación onde os participantes se presentan diante dos demais interlocutores (vid. Diz Ferreira 2017: 23). Nos tres casos que destacamos aquí, esa negociación comeza a facerse en castelán mais en todos os casos se opta polo uso do galego pasados os primeiros segundos da entrevista. Isto é debido, en parte, a que o entrevistador usa sempre galego.

### 4.3. ACOMODACIÓNS LINGÜÍSTICAS

Pasando agora a analizar as acomodación lingüísticas que se produciron no noso traballo, comezaremos recordando que as acomodacións se dan cando os falantes fan cambios no seu discurso para minimizar as diferenzas lingüísticas con respecto ás variedades dos seus interlocutores (vid. Howard Giles 1980). Se estas acomodacións se producen, estaremos ante a busca da converxencia por parte do falante mais, se non acontecen, teremos a procura da diverxencia. Esta, pode ter como finalidade establecer distancia social e / ou reforzar a pertenza a un grupo determinado. Ou o que é o mesmo, a acomodación pode darse mediante dúas vías (vid. Kabatek 2015): a “simétrica” e a “asimétrica”. No noso traballo imos ver que tipo de acomodación predomina mediante os usos que se fan da gheada e o rotacismo.

Como xa sinalamos anteriormente, a variedade estándar, representada aquí polo repoteiro de televisión, caracterízase polo non uso da gheada nin do rotacismo mentres que, na variedade local de Moraña, si están presentes estes dous trazos dialectais. Os falantes de galego na entrevista serán os que nos mostren, mediante os resultados obtidos, se fixeron acomodacións, isto é, se eliminaron eses trazos ou reduciron o seu uso ou se, pola contra, mantiveron o seu uso. Así, consideramos que, canto menor sexa o uso da gheada e o rotacismo<sup>44</sup> maior será tamén o grao de acomodación lingüística producido e viceversa.

En primeiro lugar, mostramos cales foron os usos xerais de gheada e rotacismo para, despois, ver se hai variación ou non no seu uso segundo as variables sociolingüísticas consideradas. En

---

<sup>44</sup> O uso da gheada puido comprobarse en 68 falantes e o do rotacismo en 64 dos 92 falantes totais. Deste xeito, cando falemos dos usos destes trazos será sempre en relación aos casos en que se puideron comprobar.

canto á gheada, un 42%, isto é, 29 dos 68 falantes nos que se puido comprobar o seu uso, empregouna cando menos nalgunha ocasión da entrevista. Estes datos supoñen un uso medio-baixo do trazo. A distribución por grao de uso foi a seguinte: pleno con 15 falantes, alto con 7, medio con 2, baixo con 5 e nulo con 39 falantes. Se falamos do uso do rotacismo, os datos elévanse ata case duplicar o uso da gheada pois fan uso del o 80% dos falantes. Isto supón un uso elevado do trazo e infórmanos de que, con diferenza, é a gheada o trazo que maior acomodación recibe. Os resultados por grao de uso do rotacismo foron: pleno en 33 falantes, alto en 4, un uso medio en 8, baixo en 6 e nulo en 13. Deste xeito, confirmamos parte da nosa hipótese xa que a gheada baixa o seu uso notablemente nun contexto formal debido ao forte estigma que posúe o trazo fronte ao rotacismo, que ve minimamente alterado o seu uso (só un 20% o abandona) por non ter esa valoración social e os falantes non seren tan conscientes do seu uso.

En segundo lugar, procedemos agora a indicar e a comparar os resultados obtidos do uso da gheada e o rotacismo segundo as variantes sociolingüísticas que consideramos (sexo, tramo de idade, lingua habitual, lingua na entrevista, nivel de estudos, clase social, tipo de oficio e hábitat) <sup>45</sup>.

#### 4.3.1. TRAZOS E SEXO

Polo que respecta á variable sociolingüística do sexo debemos salientar que se aprecia un uso da gheada moito maior no sexo masculino (56%) que no feminino (29%) e un uso do rotacismo tamén máis elevado nos homes (91%) que nas mulleres (69%). Así, podemos afirmar que é o grupo feminino o que maior acomodación realiza tanto na gheada como no rotacismo pese a que no grupo masculino tamén se realiza unha gran acomodación no caso da gheada. Esta notable diferenza en relación ao sexo pode ter diferentes explicacións sociolóxicas ben coñecidas mais o que queda claro no noso traballo é a constatación dun grupo feminino lingüisticamente máis innovador e, polo tanto, que adapta e achega máis a súa variedade á do interlocutor. Neste sentido, o grupo masculino é máis conservador e mantense máis fiel á variedade local. Existen estudos que obtiveron resultados na mesma liña como o de Lippi-

---

<sup>45</sup> Todos estes datos foron recollidos en táboas individuais nas que dividimos os usos dos trazos en cinco graos: pleno, cando o falante empregaba os trazos sempre; alto, cando o facía en máis da metade das ocasións nas que era posible; medio, para a metade das oportunidades; baixo, cando os empregaba en menos da metade das ocasións; e nulo, cando nunca facía uso deles.

Green (1989), neste caso para as xeracións máis novas, no que se investigou o proceso de cambio lingüístico en zonas rurais de Vorarlberg, ao occidente de Austria:


Within the youngest generation, women innovate to a greater degree than men. This may be due to the fact that the younger men resist, to some degree, a change associated with women. This would mean that women and men of this age group use different linguistic variables to mark their speech as locals (Lippi Green 1989: 226).

#### 4.3.2. TRAZOS E TRAMO DE IDADE


Se observamos as idades dos falantes podemos ver que, naqueles casos onde se puido comprobar, os que máis empregan a gheada son as dúas xerais máis novas e a máis anciá. Isto é, os menores de 14 anos, os comprendidos entre 15 e 25 anos e os maiores de 70 anos. Estes altos datos da gheada nas persoas mozas poden sorprendernos, en especial os rexistrados no TI1 (86% de uso) mais debemos considerar que a maioría deses falantes, en concreto 8 dos 13 que conforman o grupo de idade, eran nenos todos menores de 8 anos. Nestas idades tan temperás, é posible que a estigmatización social da gheada aínda non afectaran coa mesma forza que o fai noutras como a adolescente ou a adulta. Ademais, podemos pensar no aínda baixo efecto que puido ter o ensino como axente estandarizador do galego que é, debido a que estes falantes levan pouco tempo escolarizados e cursan niveis iniciais. Neste senso:

[...] investigacións realizadas sobre o comportamento lingüístico infantil [...] conclúen que, cara aos tres anos, os nenos comezan a ter conciencia das diferenzas lingüísticas e a distinguir entre a súa fala e a dos demais [pero non é ata] preto dos dez [cando] son capaces de percibir os correlatos socioeconómicos das variedades lingüísticas. Asemade, aqueles pertencentes a grupos minorizados adquiren gradualmente as actitudes lingüísticas da cultura dominante a medida que aumentan os anos de escolarización. (Recalde Fernández 2022: 13)

Así, no TI1 emprega a gheada un 86% dos falantes, no TI2 un 57%, no TI3 un 16%, no TI4 un 39% e no TI5 un 58%. Para o rotacismo, os datos son moito máis altos, atopándonos que todos os membros de TI1 fixeron uso do trazo cando menos nalgunha ocasión e que os que menos empregaron o trazo sitúanse no TI3. As porcentaxes, naqueles casos onde se puido comprobar a presenza do rotacismo, son do 100% para o TI1, 80% para o TI2, 82% no TI3, 67% no TI4 e 92% para o TI5. Podemos ver as distribucións anteriores segundo o número de falantes nas seguintes gráficas:



*Figura 13: Uso da gheada segundo o tramo de idade.  
(Unidade: N° de falantes)*



*Figura 14: Uso do rotacismo segundo o tramo de idade.  
(Unidade: N° de falantes)*

Deste xeito, volvemos a comprobar que o trazo que sofre maiores acomodacións é o da gheada, especialmente por parte dos falantes do TI3 e TI4. Mentres, no rotacismo só atopamos unha acomodación destacable no TI3 posto que un terzo dos membros deste grupo non o emprega.

#### 4.3.3. TRAZOS E LINGUA HABITUAL

Se observamos a variable de Lingua Habitual podemos apreciar como o grupo de monolingües en galego é o que menor acomodación lingüística practica especialmente no rotacismo, onde só o 5% dos falantes decide eliminar ese trazo. Canto ao grupo bilingüe vemos unha maior acomodación, sobre todo coa gheada.

As porcentaxes de uso da gheada son do 50 % para os monolingües en galego habituais e do 27% para os que teñen un comportamento bilingüe de maneira habitual e, para o rotacismo, do 95% para os monolingües en galego e do 67% para os bilingües habituais. De novo, volvemos ver que é o trazo da gheada o que maior acomodación recibe, isto é, o que máis baixa no seu uso.

#### 4.3.4. TRAZOS E LINGUA DA ENTREVISTA

Na variable da lingua empregada na entrevista observamos un comportamento inverso ao que ocorría coa Lingua Habitual. Así, temos de novo un grupo monolingüe en galego que non tende a realizar acomodacións mediante o rotacismo e faino na metade do casos coa gheada pero, neste caso é o grupo bilingüe presenta o que presenta unha menor acomodación, especialmente no rotacismo que é nula.

As porcentaxes de uso da gheada son do 43% para os falantes monolingües en galego na entrevista e do 50% para que tiveron un comportamento bilingüe na mesma e, para o rotacismo, son do 79% e do 100%, respectivamente.

#### 4.3.5. TRAZOS E NIVEL DE ESTUDOS

A variable Nivel de Estudos danos uns datos bastante claros xa que, canto maior é o nivel de estudos, maior tamén é a acomodación que os falantes realizan na situación comunicativa á que se enfrontaron. Isto ocorre tanto coa gheada, que volve ser o trazo que recibe maior acomodacións, como co rotacismo.

Así, as porcentaxes do uso da gheada para os falantes con estudos básicos é do 49%, do 27% para os que contan con estudos superiores, do 12% para os que dispoñen de formación universitaria e do 86% para os que aínda se atopan na etapa escolar. No caso do rotacismo, os datos aumentan ao 81%, 72%, 78% e 100 % respectivamente.

#### 4.3.6. TRAZOS E CLASE SOCIAL

Seguindo os nosos resultados, son os falantes que pertencen á clase social media-alta os que practican unha maior acomodación lingüística no caso da gheada mais non no do rotacismo, onde predomina a acomodación por parte dos falantes de clase media-baixa pese a esta ser, igualmente, moita mais baixa cá da gheada.

As porcentaxes do uso da gheada son do 44% para os falantes de clase social media-baixa e do 29% para de media-alta. No relativo ao rotacismo, as porcentaxes soben a 78% e 100% respectivamente.

#### 4.3.7. TRAZOS E TIPO DE OFICIO

A variable do tipo de oficio infórmanos de que as maiores acomodacións realízanse por falantes empregados no sector rural, tanto na gheada coma no rotacismo. Tamén que os traballadores do sector servizos son os que máis se opoñen a perder a gheada na interacción e os do sector público-profesional os que non sempre eliminan o seu rotacismo.

A porcentaxe do uso da gheada para os falantes que traballan no sector rural é do 73%, do 36% para os empregados no sector servizos e do 50% no casos dos traballadores público-profesionais. Para o rotacismo, os datos en orde respectiva son do 82%, 80% e 67%.

#### 4.3.8. TRAZOS E HÁBITAT

Coa variable do Hábitat non atopamos ningún resultado concluínte debido a que, posiblemente, as diferenzas lingüísticas entre os falantes que viven no casco urbano e os que o fan nas zonas máis rurais aínda non sexan moi apreciábeis. Ademais, tamén é debido a que o concello de Moraña continúa sendo predominantemente rural na súa totalidade. Temos pois, como vén sendo común, uns niveis medios de acomodación da gheada e moito máis baixos para o rotacismo.

As porcentaxes do uso da gheada por parte dos falantes que residen na zona rural é do 42% mentres que para os que viven na zona máis semirural é do 44%. Para o rotacismo son do 77% e 88% respectivamente.

#### 4.3.9. COMPARATIVA ENTRE O USO DA GHEADA E DO ROTACIMO. TIPOS DE GHEADA

Para rematar e pechar o apartado de resultados gustaríanos salientar que cando o falante presenta gheada e rotacismo non o fai no mesmo grao de uso (pleno, alto, medio, baixo). Neste senso e, realizando a comparativa de uso dos dous trazos, podemos observar que o grao de uso do rotacismo é moito maior có da gheada tal e como recollermos na seguinte gráfica:




Figura 15: Comparación do uso da gheada e o rotacismo.  
(Unidade: %)

Confirmamos así o noso presuposto e cremos que isto é debido a que, seguindo a Recalde Fernández 2022, a gheada é un trazo tematizado, do que se fala a miúdo e que posúe un estigma social forte dende hai moito. Polo tanto, é moito máis fácil que desapareza (e apareza en determinados contextos) que o rotacismo, un trazo do que a poboación é menos consciente e que non está estigmatizado.

En canto aos tipos de gheada só temos no noso traballo a realización velar e da farínxea, sendo a primeira delas moi maioritaria como innovación fonética que substitúe ás realizacións restantes. Analizando o perfil dos falantes que presentaron gheada farínxea vemos que aparece na maioría en informantes das dúas xeracións máis vellas, con estudos básicos, de clase media-baixa e con tipo de oficio rural ou sector servizo. É así no caso dos falantes 17, 18, 26, 41, 68, 69, 88 e 90. O caso da falante 33 supón unha excepción xa cumpre coas características anteriores mais pertence ao tramo de idade 2 (ten entre 15 e 25 anos). Deste xeito, a realización

farínxea é minoritaria xa que aparece en 9 falantes fronte aos 59 restantes que presentan a realización velar. A gheada pois, ademais de ser un trazo en retroceso (Mariño 2017: 556) tamén está perdendo realizacións tradicionais como a laringal, uvular e a, aquí tratada, faringal. Isto débese a unha maior exposición ao castelán por parte das persoas máis novas e vai da man tamén cun maior nivel de estudos.

## 5. CONCLUSIÓNS

En conclusión, e recapitulando os principais resultados desta investigación sobre cambio de código e acomodación lingüística en galego, obtivemos que os falantes presentaron un alto mantemento da variedade local e da estándar galega. Deste xeito, foi o galego a lingua máis beneficiada da interacción nas entrevistas. En particular, se confrontamos as linguas habituais dos falantes coas linguas que empregaron nas entrevistas, observamos un forte mantemento da variedade local e un leve incremento da variedade estándar. Deste xeito, a variedade dialectal que analizamos neste traballo presentou un nivel de resistencia alto posiblemente porque os falantes, pese a estaren sendo gravados pola televisión, permaneceron dentro da súa comunidade, usuaria maioritariamente do galego e da variedade local. Así, o falante tendeu, por regra xeral, a situarse tamén lingüisticamente no endogrupo.

Se falamos dos trazos a estudo, obtivemos que a gheada tivo un uso medio-baixo, sendo así o trazo que maior acomodación recibiu, mentres que o rotacismo presentou un uso alto. Así, podemos confirmar parte da nosa hipótese xa que a gheada baixa o seu uso notablemente nun contexto formal debido ao forte estigma que posúe o trazo fronte ao rotacismo, que ve minimamente alterado o seu uso (só un 20% o abandona) por non ter esa valoración social e os falantes non seren tan conscientes do seu uso.

Máis polo miúdo, obtivemos que son as mulleres as que maior acomodación realizan tanto na gheada como no rotacismo, podendo constatar así un grupo feminino lingüisticamente máis innovador e, polo tanto, que acomoda e achega máis a súa variedade á do interlocutor. Neste sentido, o grupo masculino foi máis conservador e mantívose máis fiel á variedade local. Seguindo coas variables sociolingüísticas, tamén foi relevante que os falantes que máis empregaron a gheada foran o das xeracións máis novas (tamén a máis anciá) e isto pode vir a apoiar un cambio na tendencia de uso do trazo posto que habitualmente é máis utilizado só polas xeración maiores. A variedade do nivel de estudos revelounos que canto maior é a formación dos falantes, maior tamén é a acomodación que estes realizaron, debéndose isto probablemente, a que teñen un maior repertorio lingüístico e a que xa fan uso habitualmente da variedade estándar. En relación con esta variable, está tamén a da clase social, que semella afectar bastante na acomodación, sendo os que máis a practican os de clase media-alta. E, en relación ao tipo de oficio, os falantes que forman parte do sector rural son os que empregaron unha variedade máis converxente coa estándar do repertorio. Por último, tamén nos pareceu indicativo para o proceso de cambio lingüístico do galego que, ademais dun menor uso da

gheada, que como sabemos é un trazo en retroceso, tamén se presentou nos nosos resultados unha realización velar maioritaria. Este tipo de gheada, innovadora no noso territorio, semella substituír á farínxea, a vernácula da variedade morañesa, especialmente nas xeracións máis novas.

En definitiva, consideramos que os resultados da nosa investigación foron proveitosos xa que, en xeral, permitiron dar resposta ás nosas hipóteses pese a recoñecermos que é moito máis produtivo entrevistar a falantes de maneira presencial, en grupo e tamén individualmente, e preguntarlle polas súas actitudes lingüísticas cara certos trazos ou comportamentos lingüísticos. Con este traballo ábrese diferentes perspectivas sobre o cambio lingüístico asociado á identidade e ás ideoloxías lingüísticas posto que estas son motor de gran parte das mudanzas en marcha. Dentro do galego, e debido á súa deriva sociolingüística, tería especial interese, por exemplo, o análise da interacción entre neofalantes e paleofalantes.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Cáccamo, Celso (2000): “Identidad, clase e ideoloxías lingüísticas en el discurso público gallego”, en Luisa Martín Rojo e Celso Álvarez Cáccamo (coords.): *IV Congreso de Lingüística General. Sesión: Ideoloxías y prejuicios lingüísticos* <[https://www.academia.edu/10467999/Identidad\\_clase\\_e\\_ideolog%C3%ADas\\_ling%C3%BC%C3%ADsticas\\_en\\_el\\_discurso\\_p%C3%BAblico\\_gallego](https://www.academia.edu/10467999/Identidad_clase_e_ideolog%C3%ADas_ling%C3%BC%C3%ADsticas_en_el_discurso_p%C3%BAblico_gallego)> [05/03/2022].
- Auer, Peter (1990): “*A discussion paper on code alternation*” en *Network on Code-Switching and Language contact*, European Science Foundation (pp. 69-87) <<http://paul.igl.uni-freiburg.de/auer/userfiles/downloads/auer-code-alternation.pdf>> [05/04/2022].
- Bourdieu, Pierre, (2014 [1982]): *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Madrid: Akal (tradución de Esperanza Martínez Pérez Carles de *Ce que parler veut dire. L'économie des échanges linguistiques*. Paris, Fayard.
- Cantero, Francisco José / Clara De Arriba (1996): “El cambio de código: contextos, tipos y funciones”, en José Luis Otal Campo, Victoria Codina Espurz e Inmaculada Fortanet

- Gómez (coords.): *Estudios de Lingüística Aplicada*. Castellón: Publicacions de la Universitat Jaume I (587-596).
- Cassany Comas, Daniel / Marta Luna Sanjuan / Glòria Sanz Pinyol (1993): *Ensenyar llengua*. Barcelona: Graó.
- Diz Ferreira, Jorge (2014): “Bilingüismo y biculturalidad: Aproximación a la interacción conversacional de emigrantes campo-ciudad en Galicia”. En Felipe Jiménez Berrio, Ana Jimeno Zuazu, Alberto De Lucas Vicente y Nekane Celayeta Gil: *Variación geográfica y social en el panorama lingüístico español*. Pamplona: Universidad de Navarra, 77-88  
<[https://www.academia.edu/8257724/Biling%C3%BCismo\\_y\\_biculturalidad\\_aproximaci%C3%B3n\\_a\\_la\\_interacci%C3%B3n\\_conversacional\\_de\\_emigrantes\\_campo\\_ciudad\\_en\\_Galicia](https://www.academia.edu/8257724/Biling%C3%BCismo_y_biculturalidad_aproximaci%C3%B3n_a_la_interacci%C3%B3n_conversacional_de_emigrantes_campo_ciudad_en_Galicia)> [13/03/2022]
- Diz Ferreira, Jorge (2016): “La acomodación lingüística en la interacción bilingüe gallego-castellano: Estrategias discursivas de convergencia y divergencia en secuencias de conflicto”, *Tonos digital: Revista electrónica de estudios filológicos* 31 <<http://www.tonosdigital.es/ojs/index.php/tonos/article/view/1511>> [07/02/2022].
- Diz Ferreira, Jorge (2017). A construción da identidade rural na interacción bilingüe a través da negociación da escolla de código en secuencias de apertura. *Estudos de Lingüística Galega* 9, 23-48 <<https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/3925>> [24/02/2022].
- Domínguez Seco, Luzía (2004):. “Maneiras de educación: trocas de idioma da comunicación empregados-clientes nunha empresa galega”. *Actas do II Simposio Internacional de Bilingüismo*. Universidade de Vigo.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2022): *A lingua na Illa de Ons. Análise da variación e do cambio lingüístico* [Tese Doutoral inédita só presentada]. Universidade de Santiago de Compostela.
- Dubert García, Francisco (1999): “Máis sobre o rotacismo de /s/ en galego”, en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol I, pp. 367-387.

- Fernández Rei, Elisa (dir.): *Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<https://ilg.usc.es/gl/proxectos/contacto-cambio-linguistico-e-ideoloxia-en-contextos-de-minorizacion-linguistica>> [17/07/2022]
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Xerais
- Fernández Rei, Francisco (2003). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rei, Francisco (2004): “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”, en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina Fernández (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. 2, pp. 307-336.
- García Ibáñez, José María (2015): *Nivelación dialectal: aspectos metodológicos y teóricos para el estudio de la convergencia lingüística a través de un caso concreto: los inmigrantes de Riogordo y Colmenar en Málaga* [Tese Doutoral]. Publicaciones y Divulgación Científica. Universidad de Málaga <[https://riuma.uma.es/xmlui/bitstream/handle/10630/11634/TD\\_Garcia\\_Ibanez\\_Jose\\_Maria.pdf?sequence=3](https://riuma.uma.es/xmlui/bitstream/handle/10630/11634/TD_Garcia_Ibanez_Jose_Maria.pdf?sequence=3)> [25/07/2022]
- Giles, Howard (1980): “Accommodation theory: Some new directions”, en Manikhu W. Sugathapala de Silva (Ed.), *Aspects of linguistic behavior*. York, UK: York University Press (105-136)
- Goffman, Erving (, 1972) [1967]: *Interaction ritual essays on face-to-face behavior*. Londres: Penguin.
- Gumperz John Joseph (1982): *Discourse Strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gumperz, John, 2009 [1968]: “. The speech community”, en. *Linguistic anthropology: A Reader*, 1.
- Hourigan, Niamh (2003): *Escaping the global village. Media, language and protest*. Lanham, MD: Lexington.

- Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico Galego III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Instituto Galego de Estatística (2019). *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego* <  
[https://www.ige.eu/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo\\_resultados\\_EEF\\_Galego\\_2018.pdf](https://www.ige.eu/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_EEF_Galego_2018.pdf)>
- Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- Kabatek, Johannes (2015): “Sprachkultur und Akkomodation”, en Michael Bernsen / Elmar Eggert / Angela Schrott (eds.), *Historische Sprachwissenschaft als philologische Kulturwissenschaft. Festschrift für Franz Lebsanft zum 60. Geburtstag*. Bonn: Bonn University Press / V&R Unipress, 165-177
- Kabatek, Johannes, (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt amGalicischen der Gegenwart*, Tübingen, Niemeyer.
- Kerswill, Paul / Williams, Ann (1999): “Dialect levelling: change and continuity in Milton Keynes, Reading and Hull”, en Paul Foulkes / Gerard Docherty (eds.): *Urban voices. Accent studies in the British Isles*. London: Arnold. 141–162.
- Labov, William (1972b). *Sociolinguistic Patterns*. Philadelphia: University of Pennsylvania.
- Labov, William (1983 [1972a]): *Modelos Sociolingüísticos*, Madrid: Cátedra.
- Lippi Green, Rosina (1989): “Social network integration and language change in progress in a rural alpine village” en *Language in Society*, 18, pp. 213-234 <  
[https://www.academia.edu/749540/Social\\_network\\_integration\\_and\\_language\\_change\\_in\\_progress\\_in\\_a\\_rural\\_alpine\\_village](https://www.academia.edu/749540/Social_network_integration_and_language_change_in_progress_in_a_rural_alpine_village)> [05/09/2022].
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2019): *Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro* [Tese de Doutoramento]. Repositorio Institucional da USC. Universidade de Santiago de Compostela < <http://hdl.handle.net/10347/19106>> [28/07/2022]
- Mariño Paz, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia

- Medeiros, António. (2006): *Dois lados de un río. Nacionalismo e entonografías na Galiza e em Portugal*. Lisboa: ICS.
- Monteagudo, Henrique / Loredó, Xaquín / Vázquez, Martín (2016). *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega <<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/305/301/254>> [24/02/2022]
- Myers-Scotton, Carol (1991). “Intersections between social motivations and structural processing in codeswitching”, en Georges Lüdi (ed.): *Network on Code-Switching and Language contact*, European Science Foundation (57-82). Strasbourg: European Science Foundation.
- Myers-Scotton, Carol. (1993): *Social motivations for code-switching: Evidence from Africa*. Oxford: Clarendon Press.
- Prego, Gabriela (1999). “La cortesía: control interaccional y negociación de identidades en regateos de ferias rurales gallegas”, en Samper, J. A. y Troya, M. (Eds.) *Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Lingüística y de Filología de la América Latina* (pp. 773-782). Las Palmas de Gran Canaria: Publicaciones de la Universidad de Las Palmas.
- Prego, Gabriela (2003): “Comprando leitugas, leitughas elechughas. Reformulacions e negociación de identidades na feira”, en Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lorenzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.): *Bilingual communities and individuals: Proceedings from First International Symposium on Bilingualism (Vigo, 1997)*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 94-103.
- Recalde Fernández, Montserrat (1994): “Gheada e situación”, *Verba* 21, pp. 339-367
- Recalde Fernández, Montserrat (2022): *A gheada e o seseo: entre as ideoloxías da estandarización e as ideoloxías da resistencia* [Tese Doutoral]. Repositorio Institucional da USC. Universidade de Santiago de Compostela <<http://hdl.handle.net/10347/28961>> [28/07/2022]
- Regueira Fernández Fernández, Xosé Luís (2016): “La lengua de la esfera pública en situación de minorización: español y portugués como lenguas de contacto en el lenguaje político

- gallego”, en Poch Olivé, Dolors (ed.): *El español en contacto con las otras lenguas peninsulares*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, pp. 39-59.
- Regueira Fernández Fernández, Xosé Luís (2019): “Variación fonética, a lingua da esfera pública e estándar oral: entre a lingüística e a política. *Revista Galega de Filoloxía* 20, pp. 119-147.
- Regueira Fernández Fernández, Xosé Luís (2020): “Contacto, estándar e ideoloxías: a lingua galega na esfera pública”, en Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra / Alberto Gómez Bautista (eds.): *Línguas minoritarias e variação linguística*, Aveiro: Universidade de Aveiro, 27-51.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1999): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol I, pp. 855-875.
- Rodríguez Lorenzo, David (2009). “A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX”, en M.A. Fiéis / M. A. Coutinho (orgs.): *XXIV Encontro Internacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, pp. 453-466.
- Seminario de Sociolingüística (2018): *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Silverstein, Michael (2003): “ Indexical order and the dialectics of sociolinguistic life” en *Language & Communication* 23 (3), 193–229.
- Woolard, Kathryn (2008): “Why dat now?: linguistic-anthropological contributions to the explanation of sociolinguistic icons and change”, en *Journal of Sociolinguistics*, 12 (4) pp. 432-452 <<https://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/j.1467-9841.2008.00375.x>> [08/02/2022].

---

<sup>i</sup> Quero dar todos o meus agradecementos á xente que me axudou na realización deste traballo. Especialmente aos informante e á veciñanza de Moraña, aos meus compañeiros do ILG e ao meu titor.

## ANEXO I: PROGRAMAS EMPREGADOS

<b>NOME DO PROGRAMA</b>	<b>CANLE</b>	<b>DATA DE EMISIÓN</b>	<b>DURACIÓN</b>	<b>LIGAZÓN</b>
<i>1. Braulio Tuber. CPI Santa Lucía de Moraña</i>	<i>TVG</i>	01/04/2019	00:00:09	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/braulio-tuber-ii-41-4075959">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/braulio-tuber-ii-41-4075959</a>
<i>2. Aquí Galicia. Desde Moraña</i>	<i>TVG</i>	27/07/2019	03:10:52	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/aqui-galicia-4162189">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/aqui-galicia-4162189</a>
<i>3. Sopa de Festa. 50ª Festa do Carneiro ao Espeto en Moraña</i>	<i>TVG</i>	28/07/2019	00:15:11	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/carneiro-ao-espeto-4162274">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/carneiro-ao-espeto-4162274</a>
<i>4. Festa do carneiro ao espeto de Moraña 2018</i>	<i>TVG</i>	31/07/2018	00:29:04	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana-2018">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana-2018</a>
<i>5. Sopa de festa. Festa do Carneiro ao Espeto de Moraña</i>	<i>TVG</i>	01/08/2017	00:29:02	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana-2">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana-2</a>
<i>6. Festa do carneiro ao espeto de Moraña</i>	<i>TVG</i>	01/08/2016	00:24:23	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana-1">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana-1</a>
<i>7. Sopa de festa XLV Festa do carneiro ao espeto de Moraña</i>	<i>TVG</i>	28/07/2014	00:28:58	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/xlv-festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/xlv-festa-do-carneiro-ao-espeto-de-morana</a>
<i>8. Vaia troula. Festa de Santa Xusta (Moraña)</i>	<i>TVG</i>	26/07/2015	00:05:05	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/via-troula-festa-de-santa-xusta-morana">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/via-troula-festa-de-santa-xusta-morana</a>

<i>9. Veciños de Moraña quéixanse dos danos que ocasionan os cabalos salvaxes nas súas leiras</i>	TVG	19/02/2018	00:02:00	<a href="http://www.crtvg.es/informativos/vecinos-de-morana-queixanse-dos-danos-que-ocasionan-os-cabalos-salvaxes-nas-suas-leiras">http://www.crtvg.es/informativos/vecinos-de-morana-queixanse-dos-danos-que-ocasionan-os-cabalos-salvaxes-nas-suas-leiras</a>
<i>10. Investigan as causas do incendio dunha palleira en Conles, no municipio de Moraña</i>	TVG	08/08/2018	00:02:37	<a href="http://www.crtvg.es/informativos/investigan-as-causas-do-incendio-dunha-palleira-en-conles-no-municipio-de-morana">http://www.crtvg.es/informativos/investigan-as-causas-do-incendio-dunha-palleira-en-conles-no-municipio-de-morana</a>
<i>11. De festa en festa – Baixa da bestas de Amil – Moraña (2019)</i>	RÍAS BAIXAS	29/07/2019	00:32:39	<a href="https://canalriasbaixas.tv/2019/07/23/de-festa-en-festa-baixa-da-bestas-de-amil-morana-2019/">https://canalriasbaixas.tv/2019/07/23/de-festa-en-festa-baixa-da-bestas-de-amil-morana-2019/</a>
<i>12. De festa en festa – Festa de Santa Xusta – Moraña</i>	RÍAS BAIXAS	25/07/2019	00:33:20	<a href="https://canalriasbaixas.tv/2019/07/25/de-festa-en-festa-festa-de-santa-xusta-morana-2019/">https://canalriasbaixas.tv/2019/07/25/de-festa-en-festa-festa-de-santa-xusta-morana-2019/</a>
<i>13. De festa en festa – Festa do Carneiro ó espeto – Moraña (2019)</i>	RÍAS BAIXAS	06/08/2019	00:45:04	<a href="https://canalriasbaixas.tv/2019/08/06/de-festa-en-festa-festa-do-carneiro-o-espeto-morana-2019/">https://canalriasbaixas.tv/2019/08/06/de-festa-en-festa-festa-do-carneiro-o-espeto-morana-2019/</a>
<i>14. De festa en festa – Rapa das Bestas de Amil – Moraña (2018)</i>	RÍAS BAIXAS	19/07/2018	00:35:13	<a href="https://canalriasbaixas.tv/2018/07/19/de-festa-en-festa-rapa-das-bestas-de-amil-morana-2018/">https://canalriasbaixas.tv/2018/07/19/de-festa-en-festa-rapa-das-bestas-de-amil-morana-2018/</a>
<i>15. De festa en festa – Festa do Carneiro ó Espeto – Moraña (2018)</i>	RÍAS BAIXAS	02/08/2018	00:35:00	<a href="https://canalriasbaixas.tv/2018/08/02/de-festa-en-festa-festa-do-carneiro-o-espeto-morana-2018/">https://canalriasbaixas.tv/2018/08/02/de-festa-en-festa-festa-do-carneiro-o-espeto-morana-2018/</a>
<i>16. De festa en festa – Festas de Sta. Xusta – Moraña (2018)</i>	RÍAS BAIXAS	26/07/2018	00:35:06	<a href="https://canalriasbaixas.tv/2018/07/26/de-festa-en-festa-festas-de-sta-xusta-morana-2018/">https://canalriasbaixas.tv/2018/07/26/de-festa-en-festa-festas-de-sta-xusta-morana-2018/</a>

## ANEXO II: TRANSCRIPCIONES

### 1. *Braulio Tuber* - CPI. Santa Lucía de Moraña TVG (2019)

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e vós sabedes o que son as festas de cumpreanos? ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 si <falan ao mesmo tempo> ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 ¡home claro! ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 os aniversarios | ¿non? || ¿que son? ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 buen# aniversarios tamén poden ser vodas ||

E1-BRAULIO-TVG-01 tamén ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 también || cumple el veinticuatro de diciembre ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 yo cumplo un día antes que ella ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e facedes algunha festa de aniver[sario?] ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 co# una fiesta con los amigos ||

E1-BRAULIO-TVG-01 [¿que festa facedes?]

1 H-TI1-GAL-GAL-01 ir a un sitio ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e que facedes? | a ver | contádeme ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 & que hai que reservar ||

E1-BRAULIO-TVG-01 si || si ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 & que ten xokhet# | xog\*os || como colchonetas ||

E1-BRAULIO-TVG-01 si ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 y [parque de bolas] ||

E1-BRAULIO-TVG-01 si ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 [teñen <incompresíbel>] de akhua ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 máis colchonetas | pir·cinas | mair· pir·cinas | akhua ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 ¡home! [falan ao mesmo tempo] ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ¿cando se di parabéns? || [¿como?] ||

3 H-TI1-GAL-GAL-01    <unha nena responde "cando estás polo teu cumpleaños"> %  
[;en] Porgukhal! ||

3 H-TI1-GAL-GAL-01    [os anos que cumples] ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ¿e que se celebra ese día? ||

E1-BRAULIO-TVG-01    mirade | ¿e que é o que máis vos gusta das festas de  
cumpleanos? ||

3 H-TI1-GAL-GAL-01    % ¡a tarta!

4 H-TI1-GAL-GAL-01    [e xog\*ar | e xog\*ar e xog\*ar] ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ¿e ca#? | ¿e cal é a tarta que máis vos gusta? ||

3 H-TI1-GAL-GAL-01    % [chocolate] ||

4 H-TI1-GAL-GAL-01    % a min nikhunha ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ¿non che gusta a tarta? ||

3 H-TI1-GAL-GAL-01    % bueno a min tampouco porque eu [nunca] a como ||

4 H-TI1-GAL-GAL-01    no ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ¿nunca comedes tarta? ||

4 H-TI1-GAL-GAL-01    ¡no! ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ah | ¿e que vos gusta comer a vós entón? ||

4 H-TI1-GAL-GAL-01    a min | carne | son carnívoro ||

E1-BRAULIO-TVG-01    pero ti entón | ¿no te [cumplenanos] comes carne? ||

3 H-TI1-GAL-GAL-01    % [eu tamén] ||

4 H-TI1-GAL-GAL-01    % ¡si! ||

E1-BRAULIO-TVG-01    ¿sópra-las velas na carne? ||

4 H-TI1-GAL-GAL-01 ¡no! ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e gustanvos as festas de cumpleanos? ||

5 H-TI1-GAL-GAL-01 ¡si! | a min si <responden á vez> ||

E1-BRAULIO-TVG-01 se puidésedes elixir | facer a festa no voso cumpleanos  
| que quixerades | ¿que elixiriades? ||

5 H-TI1-GAL-GAL-01 eu elegiría facela no campo do Celta ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿com#? | ¿no campo do Celta? || ¿e iso? ||

5 H-TI1-GAL-GAL-01 % si ||

5 H-TI1-GAL-GAL-01 porque me g\*usta o Celta ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e que que farías nesa festa entón aí no campo? ||

5 H-TI1-GAL-GAL-01 pois | xog\*ar ó fútbol ||

6 H-TI1-GAL-GAL-01 % si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e xogades? ||

6 H-TI1-GAL-GAL-01 si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e facédelos deberes? ||

6 H-TI1-GAL-GAL-01 ou no | depende si os hai ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿que é o que máis che gusta de cumprir anos? ||

7 M-TI1-GE-GAL-01 os xokhos e a tarta ||

8 H-TI1-GAL-GAL-01 os xokhos e as chuches ||

E1-BRAULIO-TVG-01 hai un momento moi importante na festa ||

1 H-TI1-GAL-GAL-01 ¿e [cal?] ||

2 M-TI2- ESP- ESP-02 si | el de los regalos ||

E1-BRAULIO-TVG-01 e hai outro ¿non?

1 H-TI1-GAL-GAL-01 o de soplar ar· velas || ar· velas ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿o de soprar? ||

E1-BRAULIO-TVG-01 hoxe estou aquí | coa directora do cole | e con dúas  
alumnas que agora xa están en primeiro da ESO |  
¿verdade? ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 si ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 mirade | contádeme | ¿faise algo especial cando alguén  
está de cumpleanos | na escola? ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 pois | cantámoslle o cumpleanos ||

E1-BRAULIO-TVG-01 cantadeslle unha canción entón | claro | a canción do  
cumpleanos ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 si ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 si || si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿gústavos cumprir anos? ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 mais ou menos ||

E1-BRAULIO-TVG-01 a min encántame eh ||

E1-BRAULIO-TVG-01 mirade | quería preguntarvos outra cousa ||

E1-BRAULIO-TVG-01 e que me dixeron que tedes unha canle de televisión ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 si ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e como é iso? | ¿de onde naceu? ||  
10 M-TI1-GAL-GAL-01 poir· naceu cando nós estábamos en quinto de Primaria

E1-BRAULIO-TVG-01 si ||  
10 M-TI1-GAL-GAL-01 o noso tutor | mais | os# | nós | os alumnos | decidimos  
facer unha canle de televisión ||  
10 M-TI1-GAL-GAL-01 e chámase de Disque TV ||  
E1-BRAULIO-TVG-01 si || si ||  
10 M-TI1-GAL-GAL-01 e | estuvemor· dous anos traballando con el ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¿e entrevistástedes a moita xente? ||  
10 M-TI1-GAL-GAL-01 o primeiro curso a bastante despois cando non tiñamos |  
xente pois | estuvemos intentando entrevistar a |  
personas ||  
E1-BRAULIO-TVG-01 ah | ¡moi ben! ||

E1-BRAULIO-TVG-01 e | poderíadesme facer unha entrevista ||  
9 M-TI1-GAL-GE-01 si ||

E1-BRAULIO-TVG-01 e que eu | teño esta# | este programa que me gusta moito  
| e que me encanta facer e fágolle entrevistas | pero case nunca me fan ningunha entrevista a  
min ||

E1-BRAULIO-TVG-01 antes de marchar | que seguramente poremos algunha imaxe  
da entrevista que me fan ||  
E1-BRAULIO-TVG-01 podemos ver a cámara || e dicimos | adeus ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 si ||  
10 M-TI1-GAL-GAL-01 si ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 <preparan unha entevista> ¿non cres? ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ¿y que digo entonces? ||

E1-BRAULIO-TVG-01 si <asentimento> ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 hoxe | estamos | aquí con | con Braulio ||

E1-BRAULIO-TVG-01 que son eu ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 e ímor·lle facer unha prekhuntas | ¿non? ||

10 M-TI1-GAL-GAL-01 % e ímoslle facer unha pequena entrevista ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 bueno ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ¡ai! | que nervios ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ola | hoxe estamos aquí con Braulio | e ímoslle facer unha pequena entrevista ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ola Braulio ||

E1-BRAULIO-TVG-01 ola ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ¿te gusta tener tantos hermanos? ||

E1-BRAULIO-TVG-01 a min | encántame porque é moi divertido ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ¿con cual de tus hermanos te llevas mejor? ||

E1-BRAULIO-TVG-01 a ver | eu lévome ben con con todos os meus irmás e as miñas irmáns ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ¿cantas mascotas tes? ||

E1-BRAULIO-TVG-01 temos unha | un can | ¿e sabes como se chama? ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 creo que Chispa | [¿non?] ||

E1-BRAULIO-TVG-01 [¡si!] | ¡chámase Chispa! || é un husky siberiano ||

9 M-TI1-GAL-GE-01 ¡caray! || ¿cando é o teu cumpleanos? ||

